

Déspotas insensatos,
Forzá, forzáde grillos;
Pode oprimir o ferro,
Un corpo enfracado;
Mais as nobres ideas,
E gloriosos instintos...
Esas... non pode, non o
(duro ferro,
Nin a morte, extinguídes!
Eduardo PONDAL

A Nosa Terra

PERIODICO GALEGO

¡Bárbaros;

Las ideas no se matan!

DOMINGO F.
SARMIENTO

Año XXVIII



BOS AIRES, OU TUBRO DE 1944



Redacción - Administración: Rúa BELGRANO 2186



Núm. 431

Homaxe de Galiza ao Presidente Mártir de Cataluña

GALEUZCA RENDE HOMAXE DE LEMBRANZA A COMPANYS, EN
TODO O CONTINENTE AMERICANO

Galegos, vascos e cataláns renderon en México un homaxe a memoria do presidente de Cataluña, don Luis Companys, ó cumprirse o IVº aniversario do arrepiante crime perpetrado na persoa do grande patriota e ilustre persoeiro do povo catalán.

Os representantes das tres nazóns xunguidas polo pacto de Galeuzca — que ten por finalidade dar ao Estado hespañol unha estrutura plurinazional baseada na autodeterminación de Galiza, Euzcadi, Cataluña e Castela — dempois de por de bulto as grandes dotes do Presidente Companys e de

En Méjico

eisecrarse o crime odioso da súa entrega e da súa execución, os tres coincidiron en proclamar que a restuaración republicana en Hespaña ten de realizarse baixo unha confederación de nazóns que respete a autodeterminación dos povos peninsulares e faga posíbel o ingreso libre e voluntario de Portugal no Estado plurinazional hespañol.

Este movemento de harmonía e de unión peninsuar, que propicia Galeuzca vai estendéndose en

México, onde é mirado con xeral simpatía, como ocorreu en Chile, no Uruguay, Cuba o Brasil e Colombia por verse en Galeuzca unha concepción superior chamada a satisfacer as ansias dos povos da Península e labrar a grandeza do Estado hespañol.

Vése en Galeuzca unha outa finalidade patriótica que, deixando de lado as barreiras e rivalidades dos partidos, encamiñase a satisfacer as ansias dos povos i-a dar ao Estado aquela forma legal que máis se axeite a realidade e millor se preste pro milloramento i-o adianto xeral.

En Chile

O IVº aniversario da morte do Presidente de Cataluña, Luis Companys, foi conmemorado por Galeuzca de Chile.

Un acto de grandes proporcións e de viva emoción congregou unha moitedume de galegos, vascos e cataláns en torno da efíxie do Presidente-Mártir, a que, por turno fixeron garda de honor mozos das tres nacionalidades integrantes de Galeuzca.

No intre que correspondeu a garda a os mozos galegos, e no acto final, que resultou apoteósico, o deputado galeguista, Dr. Ramón Suárez Picallo, fixo o eloxio do grande Martir de Cataluña e puntualizou o significado de Galeuzca co seu programa d'harmonía e de unión hispánica baseado na realidade peninsuar.

Fixo resaltar Suárez Picallo o valor histórico do intre que estamos vivindo, que é punto de partida de camiños novos para a vida dos povos. E como Galeuzca, ideal de superación e programa de realidade, chega xustamente, cando as nazóns hespañolas conquiren a súa autodeterminación, pra recoller as arelas comúns e integrar a todos os povos da Península nun grande Estado plurinazional.

Pode decirse que, a grande figura catalana de Companys, irradiaba dende aquela beira dos Andes unha luz crara chamada a facilitar a comprensión entros povos; e, ao crar d-esa luz, resaltaba Galeuzca como encarnación do máis outo ideal hispánico fitando desinios de concordia e de superación tanto na área da Península coma nas súas proiecións universaes.



En Uruguai

Co gallo de atoparse na cidade de Montevideo os representante de Galeuzca de Buenos Aires que asistiron ao homaxe feito ao Presidente mártir de Cataluña, Luis Companys, os señores Lasarte, Castelao e Serra Moret, faláron pol-a radio Ariel, decindo verbas de emocionada lembranza ao chorado político catalán e dirixindo un saúdo fraterno ao povo uruguai. Ao mesmo tempo espuxeron a sintonización do movemento de Galeuzca.

O señor Lasarte, deputado vasco as Cortes da República hespañola, refírese aos antecedentes de Galeuzca que naceu a ano 1923 como unha coordinación das políticas nacionais de Galiza, Euzcadi e Cataluña, que sirveu para a loita contra a ditadura de Primo de Rivera. Na actualidade, Galeuzca dirixe a acción organizada dos tres povos diante as súas reivindicacións nacionais. A súa finalidade esencial non é outra que ofrecer a todos unha fórmula política axeitada na realidade da sociedade peninsular, é dicir, plurinacional, por meio da confederación democrática dos tres povos ditos co resto do Estado hespañol.

O Sr. Castelao, xefe do Movemento Galego, refírese ao alegato de arredismo conque os mau intencionados queren acalar estas reivindicacións, mostrando que o que ten propósitos de unión en organismos superiores e confederacións, non pode ser desbotado a título de arredismo ou separatismo. Remarcou que os lindeiros de suposto separatismo, habíanse recuado dende os tempos da monarquía hespañola, para a que o rexionalismo de Cambó foi considerado como tal, atq os da segunda República hespañola que recoñeceu e consagrou o rexionalismo na Constitución. Agora, trátase de recoñecer a verdade da realidade peninsular que non é rexional, senón de nacionalidades vivas, que atoparían na confederación que propuña Galeuzca, a súa máis felis solución para ben de todos.

O Sr. Serra Moret, vicepresidente do Parlamento catalán, despois de rendir homaxe a sensibilidade política democrática do Uruguai, espuxo que Galeuzca trata de resolver ante todo un problema espiritual, que é o da liberdade para os homes e para os povos. Todas as nacións teñen dereito irrenunciábel a liberdade, a vivir e sobrevivir. Abandon en consideracións en favor de que a futura República se orgaízase sobor da base de liberdade e igualdade entre os povos, en forma de confederación de nacións hispánicas. Neste problema deben interesarse todos os homes amantes da liberdade, reivindicación a que non saberían renunciar nunca por ren, os catalán, os vascos e os galegos que propunan o Movemento de Galeuzca.

En Memoria de Luis Companys

Sobor da inmensa pirámide de mártires galegos, coroada pol-a figura pantasmal de Alexandro Bóveda, non cabe para nós un motivo de meirande door; pero a morte aleivosa de Luis Companys obrigounos a ensanchar o corazón, a pique de se romper, para albergarnos unha nova door. Porque Luis Companys — o Honorable Presidente da Xeneralidade de Cataluña — era un dos nosos, verdadeiro amigo e irmán dos galegos.

Non-os sorprendeu que os testamentarios do cesarismo filipesco, co seu degoiro senil de sangue, mataran a Companys para matar simbólicamente a Cataluña. Sorprendeunos, eso sí, que o crime fose cometido en presenza dos xendarmes do orde público internacional sen que ninguén detivese o brazo homicida. Lamentamos a pasividade do mundo democrático e cristián ante unha violación tan monstruosa do dereito de xentes; pero lamentamos moito máis a deshonra d'unha Hespaña que con ser anacrónica non por eso deixa de ser Hespaña.

¡Un crime máis da Inquisición! — dirán algúns—. ¡Un mártir máis no terrorífico castelo de Monjuic! — dirán outros—. Pero este feito deshonroso revela a inmoralidade internacional en que estamos vivindo. Porque Luis Companys era un home bó e xeneroso, un político leal e honesto, un patriota afervoad e liberal; pero máis que ningunha outra cousa era o cabezaleiro d'unha nación.

Luis Companys descalzouse diante dos seus verdugos, para morrer descalzo, cos pés pousados na terra-nai, acarón do corpo de Cataluña. Este xesto de inxel patriotismo, de homildade human ante a transcendencia da morte, proclama os sentimentos que aniñaban no peito do mártir.

Nós, os galegos, que perdemos moitos miles de irmáns —a fror do noso povo e o máis ilustre da nosa xeneración— non choramos a morte d'un home, aínda que fose un ser extraordinario, porque a nosa sensibilidade xa está endurecida a forza de golpes. Para nós, Luis Companys, é algo máis que un home; é o símbolo d'unha patria, irmán da nosa; é o representante da vontade política d'un povo, irmán do noso; é o elexido d'unha nacionalidade asoballada, irmán da nosa. Por eso choramos a Companys e por eso protestamos do seu marteiro, porque significa o marteiro de Cataluña na intención dos seus verdugos.

Morreu Companys, o Presidente da Xeneralidade de Cataluña; pero non morreu a patria catalana, como non morreu a nosa, como non morrerá endexamáis o anxeo de liberdade e de xusticia. Aínda que con él morresen todos os cataláns destacados no campo da cultura e da política, Cataluña sobreviviría. Porque unha nación é inmortal.

Díxose que a patria está composta pol-a terra e os mortos — o corpo e a alma do ser nacional — e a morte de Luis Companys aportou un anaco máis de eternidade á patria catalana.

As Parolas E Os Feitos

• COMO FEROS TABAOS

A raíz dun artigo de Alonso Ríos, aparecido na revista do Centro Pontevedrés, encol dos Centros Provinciais, alpurizáronse as xentas da Federación de S. Gallegas. O voceiro delas, "Galicia", ensartou nas súas columnas un rimeiro de aldraxes e diatribas de tal calibre, ao Alonso Ríos, que, en verdade, denigran máis a quen as di que a quen van dirixidas. Non queremos defender ao aldraxado, porque non é mester; éle defendese soio, e, ademais, atópase acorazado contra os ferróns dos tabaos máis feros e ladinos: pol-a súa conduta insoportábel, pol-a súa sinceridade e pol-a súa laboureira inxente, levada a cabo no seo da nosa colectividade e na mesma Federación, que aínda no mes de "Xulio" pasado o tivo de invitado de honor, xunto con outros persoaxes galegos.

Non. Non defendemos ao Alonso Ríos; o que queremos é que cando se produza outra pelexa desta crás — tan frecuente entre nós —, non se confundan as armas: unha cousa é a nobre pluma, esparexadoira de ideas e desfacedoira de entortos, do periodista, e outra cousa é a "moca" palurda e brutal do mataseta de feira.

• PRO COMO SUA

A "pe'otera" do Alonso Ríos, con algúns dirixentes da Federación de S. Gallegas, aproveitárona certas xentes — que o vulgo comeza xa a distinguir co alcume de "tonadillos" — como "cortina de fume" para ir directamente "ao seu". Saíron, ¡cándo non! encontra do Alonso, e en "defensa" da devandita entidade, por meio dunha nota. N-ela se aconsela a botar nos galeguistas da Federación, e que ésta se aderira a unha senda Xunta de Liberación, e que lle fixera entrega dos fondos da Central Galega, para poder así realizar os seus "patrióticos" postulados. Pero os da Federación non son parvos; eles coñecen ben o "percal" e, como xa non son "recién venidos", acháanse inmunizados contra todo-os "cuentos del tío". Como diría un criollo: "son al fudo los candiales y los caldo'e gayina"; o, como diría Mongo, son inúteis os músicos, os comediógrafos e os políticos, por máis prestixio que tiveren.

Amiguiños... pase; mais... os cartiños custa moito traballo gañalos; sabedes, lacazás!

• ¿QUE É, DAQUELA?

O señor Cubeiro é un vello coñecido noso. Témo-lo por un bon home; moi activo e moi falanguero. E galego, e cuasi diríamos o prototipo do galego, se non fora porque temos medo de que lle pareza mal. Pois éle, como tantos e tantos da nosa xente, sofre e complexo de "gayego". ¡Qué lle vamos a facer! Escrebe en diversos periódicos da nosa colectividade, e especialmente no semanario "Galicia", o prestixioso órgano da Federación de S. Gallegas. E un "amateur" do periodismo. Fación e torrentoso. As veces faino ben. Mentalidade un pouco "demodé". Aínda s-atopa nos tempos de "Campos, Fábricas y Talleres", "Las Ruinas de Palmira", "La Conquista del Pan" e "Palabras de un Rebelde". Ten encallado na súa mente os mesmos conceptos inofensivos e erróneos dos proletarios daquele tempo, encol da Patria, a Familia, Exército e Religión, como tiñamos moitos. Hoxe, afortunadamente, a Patria do proletariado están ensinando moito. Móstranos o amor a Patria, a Familia; a estimación e admiración ao Exército e a tolerancia coa Religión... Cuasi o mesmo que un burgués "asaz egoísta".

Fai unhas semanas, escribiu en "Galicia", un artigo encol do nacionalismo galego, que nos fixo lembrar unha humorística e popular canción afro-brasileira, que — coidamos — se chama "E nao era liao". O señor Cubeiro que non é pechado de moleira; pero si, un pouco terco, acepta no seu artigo que, efectivamente, Galicia ten unha personalidade forte e ben definida: territorio característico; idioma e literatura propias; historia e economía típicas e até unha xente con rasgos raciaes diferenciados. O home acepta todo. Cuasi que xa nos atópabamos conformes. Iamos xa a fechar o trato, en esa, galle unha arrouxada; arrepintese das "concesións" de nacionalidade que lle facía a Galiza; comeza a recuar; dínos que Galiza non é unha nación; que unha nación pequena áchase esposta ao asoballamento estranxeiro dos máis fortes — como si Rusia, Gran Bretaña, Alemaña, etc., non o estiveran o mesmo —; que os galeguistas propunhan o separatismo; que periga a unidade de España; que non hai que falar mal dos casteláns... o demo. ¡Non hai quen o arrecede! ¡E nós, cheios de candor, coidábamos que xa o tiñamos convencido!

O noso home, ten mentalidade de "universalero" moi 1910; e daí non pasa, nen cremos que pasará. Esta característica mental é moi de galegos emigrados: queren diluir a súa — según eles — pobre nacionalidade "gayega", no inmenso Kosmos, na Patria "Universal" pra camuflarse de "avanzados". Mais estos son os "cultos", os "emancipados"; porque hai a contrafigura: os que pensan que a súa Patria é o seu ruero; e daí, non hai quen os quite: por iso o noso minifundio colectivo.

Si Galiza ten todos estes e aqueles atributos nacionais, que a fan unha verdadeira nación, e non é nación, ¿qué é daquela? ¿Por qué non ha de acadar a súa liberdade, dentro dunha ampla simbiosis ibérica?

• REPUBLICANOS, MAIS POUCO

Os que vimos por razóns periódicas auscultando o latexar da nosa colectividade, non se nos esfuman as maquinacións sibilosas que os falanxistas fan de costas aos republicanos dirixentes do Centro Galego. Dende fai tempo observamos certos movementos envolventes que os nosos "cavernícolas" levan a cabo coa a calada complacencia dos republicanos... Hoxe, un, mañán, outro; e co decorrer do tempo, cando nos decatemos, temos o noso Centro Galego aos pés da embaixada de Franco. Tan logo, agora que, Deus diante, non tardará en caír barrido pol-o huracán que se atopa incubando na Europa agobiada e doente, ávida de xustiza e liberdade... Hoxe, un Otero, nantes, un González; despois, un calquera, sempre máis perto do lindeiro da Falanxe si é posíbel... A vo ta cara a dereita e cara os inimigos de Galiza é vidente... ¿Probas? aí tendes unha entre milleiros: a bandeira falanxista voando nos balcóns do Centro Galego co gallo de non sei qué raza-festa.

Nós, non lle facemos cargos aos falanxistas. Eles cumpren co seu deber. Despois de todo non se "camuflaron" para chegar a Dereita. A quen lle os faremos ós republicanos, que sendo maioría na Dirección do Centro Galego, permiten que se fagan estes desaguisados, bulíndose despiadadamente dos candorosos e confiados socios da nosa gran entidade mutualista.

¿Qué se fixo do Pacto do ano 38 e seguintes? ¿Qué foi daquela afervoadado republicanismo? ¿Qué fan os republicanos das Agrupacións "A Terra" e a "Celta"? ¿Hai comenencias en calar! Os que non teñan carraxe para defender con valentía os ideais que din ter, áchanse de máis ao fronte das institucións.

RAMON CARBALLO

MALOS VENTOS

Xa se sinten os tiros nos Pirineos.
Por eso o porco berra:
"¡Válanme os ceos!"

O final está preto do probe quíño.
Pronto vai a chegarlle seu Samartiño.

Non lle valerá, de Churchill, todo o seu celo,
pra salvarse do xusto, fatal coitelo.

Nin Roosevelt nin ningures podrán facere
que non se pague canto mal se fixere.

Acabáronse os tempos —non tan lonxanos—
que no mundo reinaban trampas y enganos.

Oxe o povo, desperta,
ten a conciencia,
e xa n-él esgotada
está a pacencia.

Y en Hespaña algún día —día de gloria—
habrá unha limpeza de toda a escoria.

E non hai forza humana,
máis nin diviña,
que impida que no porco caia a pauliña.

E contra os que aseguran
estar no allo,
o cocho maldecido
ha de ir ao tallo.

Y a morcela que solte
cando a agonía,
gardáremola para
unha obra pía.

Mandarémola a Roma,
como unha ofrenda,
metida nunha caixa
con esta lenda:

"O que eiquí está gardado
non é un misterio;
é o postreiro suspiro
d'un gran imperio!"

Verduguillo.

DALTON

(Marca Registrada)

Amplio surtido en
Camisas, Chapeus
e Garabatas

Av. SAN MARTIN 2336
U. T. 59-5641 — Bós Aires

CASA DURAN

SOMBREIROS
CAMISAS
BONETERIA
PANTALOS

30 Gral. BOSCH 30
Avellaneda (Piñeiro)
U. T. 22 - 4405

Compre facer unha aclaración

por Antón Alonso Ríos

O 'Hogar Gallego para Ancianos' non é un Rival do 'Centro Gallego'

A idea de crear unha asociación galega que, d-un xeito altruísta, moderno e diño, realice a obra d-asistencia social que inda non foi nin siquiera intentada por ningunha das nosas moitas entidades, ten levantado un gran revoo, e caldaxa va a moite-dume de peitos xenerosos que non ven colmada a súa felicidade co propio benestar, senón que, sentindo a dor das mágoas alleas, miran con lección a oportunidade d-axudar a por-lles remedio.

E así como o número de socios do "Hogar Gallego para Ancianos" vai medrando sin acougo. E así como a Comisión xestora d-esta grande iniciativa se atopa acuciada por todos os que sinten presa porque o novo Fogar abra as súas portas acolledoras os que sofren as durezas d-un destino adverso.

Mais non todo é propicio; pois teñen as boas obras tropezan con in-comomentos e torcidas interpretacións que lles fan estorbo e retrasan os beneficios que elas están chamadas a dar. Nunca falla, por desgracia, o que acentuando, ou non quere entender. Nunca fallan atravesados que, por cuquería, maldade ou torpeza, ou as tres cousas xuntas i-apretadas dentro d-unha alma estreita i-engurrumiña, da pol-o egoísmo, poden estorbos e maximan perigos en procura de arredar vontades e facer malograr as boas intencións.

Por estramo que elo pareza, hai por ahí quen di que o "Hogar Gallego para Ancianos" vai escontra do "Centro Gallego", o que por eso hai que combatalo.

Naturalmente, trátase d-unha afirmación falta de toda realidade. Pero ela basta para que, xentes que non se deteñen a recapacitar, se arreden e deixen de prestar a súa axuda a máis xenerosa das empresas, e que máis pode honrar o nome de Galiza.

Compre, pois, puntualizar: A obra mutualista do "Centro Gallego" non ten nada que temer de parte da obra altruísta do "Hogar Gallego para Ancianos". Estas dúas asociacións non están destinadas a facerense a competencia. Antes ao contrario, unha ren a ser o complemento da outra.

o "Centro Gallego" é unha entidade de previsión pra os que poden pagar unha cuota mutual; o "Hogar Gallego" é unha entidade de protección pra os necesitados, pra os que non poden valerse e non teñen quen os axude; é un fogar, é unha familia pra os que non tiveron a sorte de poder formala e contar co seu agarimo na vallez ou na invalidez.

Un asóciase ao "Centro Gallego" en previsión d-unha enfermidade; pensa un en si. Practícase a solidariedade na propia defensa.

Un asóciase no "Hogar Gallego" pensando en defender aos que o destino maltratou; pensa un na dor e na

felicidade do próximo. Practícase a solidariedade na defensa dos semellantes.

Unha é unha previsión útil; a outra é unha previsión xenerosa.

Ser socio do "Centro Gallego" é un acto d-ecordura e de autodefensa.

Ser socio de "Hogar Gallego" é un acto de humanidade, de xeneroso desprendimento e de outura e pureza de sentimentos.

A todos nos conven e nos honra o ser socios do "Centro Gallego".

A todos nos honra e nos debe producir íntima contenteza o aliviar as mágoas alleas e darlles un fogar con quentura de familia os que chegan a vellos e sinten a friaxe de non telo. Por eso todos debemos ser socios do "Hogar Gallego para Ancianos" sin deixar de serlo tamén do "Centro Gallego".

UNHA CONQUISTA

Co tídoo, "Unha conquista" e sin firma, o periódico GALICIA, publica un intento de conto galego que pol-o mal gosto e peor factura, só logra por en ridículo ao autor da mal a ocurrencia e por eistensión, ao periódico que lle deu cabida nas súas páxinas mais aínda si se ten en conta, que ao aparecer sen firma, a redacción n-aceptó como súa "invención".

E hora xa, de que os galegos empecemos por apreciarnos a nós mesmos si é que queremos que nos respíten, pois esta crás de "literatura" grotesca e indíña que só serve para pórnos en ridículo, ten un equivalente, nos festivaes teatraes d-algunhas sociedades galegas que non acadamos a enxerguer si por iforanza ou irresponsabilidade, levan a escea, sañetes onde "precisamente" aparés un galego facendo o papel de parvo!...

Nós queremos crer de boa fé, na incoñscencia dos que tales cousas fan, mais se non é incoñscencia, teremos que pensar por forza, que o senso de responsabilidade e a propia estimación, fica moi lonxe do que compre a dignidade galega.

Camisería de
mesura fina

PREZOS BÓS

BRIGO

Sáenz Peña 14 - Bós Aires

CLAUDIO FERNANDEZ AXENCIA CENTRAL "DODGE"

AUTOMOVILES
E CAMIONS

660 - MORENO - 680
U. T. 33-6484 y 7444

752 - VICTORIA - 760
U. T. 34 Defensa 7823

O seu TRAXE

O seu SOMBREIRO

A sua CAMISA

A sua ROUPA INTERIOR

MERQUEOS EN:

FEDERICO LACROZE 4086

UNHA CASA

ENTEIRAMENTE GALEGA

CELTA

EDITORIAL

A República Federable do ano 31, refuxou e desaproveitou a millor oportunidade para darlle solución ao problema fundamental da estrutura do Estado hespañol. Chea de medo infantil, prefiriu ollar de esguello, con certa coquetería de regateira, o que o simples senso común intuía: a pluralidade nacional.

Foi, entón, con muito barullo, cando os "técnicos" botaron man da fórmula dos plebiscitos e abrouxaron ao povo como se atoparan a táboa de salvación. ¡Cálquera lles rezonaba! Deseguida lle espetaban un: ¿qué queredes...?

Mais nós sabíamos que os plebiscitos para recoñecer o dereito a gobernarse con limitacións impostas por adiantado, significaba a negación da liberdade da comunidade e, por conseguinte, unha desigualdade entre os membros do Estado. Preguntarlle aos galegos, cataláns ou vascos si queren Ser Eles mesmos, supón confundir a vontade política, sempre variable e ligada a intereses ideolóxicos de extensión universal, coa mesma esencia e eternidade do "substratum" da persoalidade diferenciada.

Os plebiscitos somentes se xustifican na minorías en disputa entre dous ou máis Estados, ou para execución dun programa político determinado: cambio de réximen, por exemplo. Mais o caso de Hespaña non é ese, senón o recoñecemento, nun plan de igualdade, das nacionalidades existentes, pol-a que exerceu i exerce un poder hexemónico sobor das outras, cuo poder non nasceu de ningún plebiscito, precisamente.

Nunha verba: a contextura biolóxica i espiritoal dun povo non pode someterse a plebiscitos.

(TRADUCCION)

LA República Federable del año 1931, rehuyó y desaprovechó la mejor oportunidad para dar solución al problema fundamental de la estructura del Estado español. Prefirió, llena de timidez infantil, soslayar con cierta coquetería y regateos, lo que el simple sentido común intuía: la pluralidad nacional.

Fué, entonces, con mucho ruido y cantos de sirena, cuando los "técnicos" descubrieron la fórmula de los plebiscitos y aturdieron al pueblo con sus gritos como si hallaran la tabla de salvación. ¡Cualquiera se atrevía a razonar! Inmediatamente le decían: ¿qué queréis?

Pero nosotros sabíamos que los plebiscitos para reconocer el derecho a gobernarse con limitaciones impuestas de antemano, era la negación de la libertad de la comunidad y, por consiguiente, una desigualdad entre los miembros del Estado. Preguntarle a los gallegos, catalanes o vascos si quieren Ser Ellos mismos, supone confundir a voluntad política, siempre variable y ligada a intereses de carácter ideológico y extensión universal, con la misma esencia y la eternidad del "substratum" de la personalidad diferenciada.

Los plebiscitos solamente se justifican en las minorías en disputa entre dos o más Estados, o para la ejecución de un programa político determinado. Ejemplo: cambio de régimen, etc. Pero el caso de España no es ese, sino el reconocimiento, en un plano de igualdad, de las nacionalidades existentes, por la que ejerció y ejerce un poder hegemónico sobre las otras, cuyo poder no ha nacido de ningún plebiscito. En una palabra: la contextura biológica y espiritual de un pueblo no puede someterse a plebiscitos.

DIALOGO TRASCENDENTAL

—Mais ¿qué queredes vos?

—Queremos convertir a Galicia d'un arrabal nun centro; facer que teña vida propia, grande, inmensa; que chegue a ser unha lumrada espiritual acesa alumeando o mundo enteiro.

—¡Obra grande! Mais ¿cómo?

—Para as grandes almas son as obras: ¿Cómo facelo? Co noso esforzo, que non debe coñecer límites; coa nosa vontade, para quen deben ser as tarefas infundas: co traballo e a disciplina de todo o noso ser. ¡O porvir é para os que saben conquistar!

—¡Vaguedás! Falade en concreto. ¿Cómo servir a vosa causa?

—Sirve a Galicia o que aproveita un salto de auga, o que fai froitificar dobremente un campo; o que crea unha compañía de navegación; o que escri-

be un poema, pinta un cuadro, abre unha escola, fai cencia...

O home mais simple, o mais pequeno de espírito, cando na sua acción pensa n'aquel povo que un día rexurdirá na beira do Atlántico como un novo lumiar, será grande e sentiráse grande. E todo esto tendo sempre presente o fin d'unha Galicia nova, porque ¡ai do que queira vivir egoístamente por si e para si! Morrerá e está de feito ja medio morto. ¡O egoísmo é o pai da morte!

—De maneira que o noso ideal...

—¿O noso ideal? Un povo culto, nobre, traballador, creador do mais alto que exista, n'unha terra fecunda; unha inmensa perspetiva de searas e bosques, de talleres, de portos, de poesía, de cencia, de ideal...

Esa é a nosa Galicia do futuro.

O QUE DEBE PERGUNTARSE TODO GALEGO

A viva representación da Terra galega, ten de facer nos ollar: cal é a nosa posición na Península, qué somos en relación cos demais povos peninsulares, qué debemos ser no mar que baña o noso litoral, qué papel lle toca desenrolar a Galiza na Europa, cal a sua significación nas relacións para con América, qué riqueza hai no noso subchán, qué produz o noso chán, cal é a potencia virtual das nosas enerxías na Terra e no mar.

Por conta miña

Con Boa Vountade...

Os galegos somos, ás veces, eixcesivamente apasionados. Coido que procedemos sempre de boa fé no noso apasionamento e coido (coa mellor boa fé tamén) que os galegos non podemos apasionarnos máis que por aquilo que nos parece xusto ou verdadeiro. Pro, podemos trabucarnos.

Somos, tamén, un pouco impulsivos d'elas veces, sin decatarnos de que o somos. I-á nosa impulsividade restalle virtude á nosa boa fé, que ten que ser razonada, pois, sin razonamento non hai boa fé que abonde, córrese o perigo de que as mellores intencións fracasen e merme a fé que as enxendrou.

Proceder con boa fé xa é un mérito que se pode acreditar quen tal faga, pro, non abunda; quizabes tamén é un mérito o ter un control da nosa boa fé i-ó razonar o noso proceder, máixime si é posibel antes de aiciónar, pra non cometer erros que, ó remate de contas, a naide van a perxudicar máis que a nosoutros mesmos.

Un pouco de reflexión non nos viría mal en d'elas ocasiós; un pouco de tolerancia e de respeito mútuo serían o axustado compremento pra poñernos en condicións de reaizar ben todo o que nos propoñemos.

A nosa fé pode ser (e debe ser) unha forcia motriz; a reflexión un freno da impulsividade; a tolerancia i-ó respeito mútuos poden ser os aglutinantes da aición de todos a prol do que (unhos máis i-outros menos) todos teimamos facer.

O noventa por cento da coledividade galega de Bós Aires é democrático esquerdista. Drento d'este noventa por cento están todos os "ismos" democráticos, i-en primeira liña, o galeguismo. En primeira liña, porque, aínda aqueles grupos que non fixeron profesión de fé galeguista, non carecen en ausoluto de tal sentimento. Quizabes o teñen un pouco adormecido, i-en certos casos, sin tel-o adormecido, téñeno calado, ou, donde nón, manifestan o d'un xeito diferente ó noso, habendo até quen o fai por despeito, contrariando a sua natural incrinación e como resposta a certas actitudes pouco meditadas produto do apasionamento.

Eu coido que temos que ser un pouco máis seréos, irmos algo máis despacio pra chegar máis lonxe e, sobor todo, pra séremos máis os que cheguemos e chegar xuntos, en irmandade, pois, o ser moitos e ir xuntos pra chegar a algunha parte, non ha de privar que os mellores i-ós máis calificados estexan na primeira liña pol-os merecementos que se haxan acreditado.

Coido que hai que reutificar procederes, voltar un pouco sobor dos pasos e ver o xeito de endereitar a conduta de todos nós (de todos os galegos democrático esquerdistas) de modo que a nosa aición sexa unha aición de conxunto, con miras ó mañán próximo, con miras ó próximo futuro político de Hespaña e de Galiza; unha aición que poida chamarse nosa e sexa reflexo da nosa personalidade, unha aición de ergullo racial que teña o noso cuño e que, sin ser eixcursivista, sin desmerecer ás allás, poida poñerse como un modelo.

Eu non quero cacarexar falando d'esa tan cacarexada unidade da que tanto se falou e se fala aínda por ehi; unidade de comenencia pra unhos e de sacreficio pra outros. Eu non quero trager a iauga pr-ó meu muíño nin pr-ó muíño d'este ou d-aquel grupo. Cada un debe ter concencia pra afillarse ó grupo que mellor lle pareza sempre que sexa con algo d'amor pol-a patria e pol-o ideal. Eu desexo que a iauga váia pr-ó muíño de todos os galegos que pensan n-unha Galicia mellor, n-unha Hespaña mellor e n-un mundo mellor e desexo un solo fato de galegos que, aínda con matices difrentes, poidan entenderse entre si, axudarse e protexerse, traballando en irmandade e con semellantes miras deic-ó porvir.

Xa escoito ós intolerantes barafundar escontra d'esto ou d-aquelo, pro, sei que con intolerancias non iremos a nengunha parte. As intolerancias i-ós intolerantes fan-os mais mal que ben. I-ás intolerancias solo debemos tel-as pra con aqueles que resoltamente están da outra banda, máis, non pra os que, sin estar totalmente identificados con nós e cos nosos puntos de vista, comparten moitos d'eles. Con estes hai que ter algo de tolerancia pra atraguel-os.

Que naide nos negue ós galeguistas o esquerdismo democrático que temos ben acreditado ó longo de moitos anos, pra, tamén compre que naide poña en dúbida o esquerdismo democrático d-outros grupos nos que, se non hai un galeguismo decrarado, hai un lévedo que non convén despreciar e que, ben aproveitado, pode ser de grande valía.

Se nos esquencemos de certas cousas e nos deixamos de coprichos persoales, se extendemos entre nós unhos fíos de cordialidade, con un pouco de comprensión, sin persoalismos, podemos facer que todas as nosas entidades i-ós nosos periódicos sirvan a causa común e, quizabes cheguemos a perdoarnos, unhos a outros, os nosos defeutos i-ós nosos semellantes erros.

Cada un de nós (ó decir nós falo como galego pra todos os

galegos militantes i-afillados ás nosas institucións esquerdistas que non están luxadas co cuño feixista, franquista ou clerical) cada un de nós na sua esfera e cada institución na sua traieutoria, con un pouco de boa vontade, podemos axudarnos, podemos entendernos e podemos perscindir dos alléos sin que nos seia perciso ir a eles nin pedir-lles que eles veñan a nós, deixándoos que fagan a sua laboura e facendo nós a nosa, que sempre ha de ser superior.

O galeguismo enterizo da unhos, o galeguismo menos remarcado dos outros, o idealismo d'estes, ó sentimentalismo d-aqueles i-ó esquerdismo de todos deben xungirse e comprementarse pra unha aición de conxunto que se pode, e se debe facer aínda que haxa diferencias de matices. A diversidade n'este caso non é exeuente, pois, hai un nexo común pra xunguirmos.

Inténtese. Fágase a proba. Non se perderá ren e, se o bon senso se impón, ganárase moito. Quizabes, tamén así, teñamos todos d-abondo campo de aición pra desenrolar n'el as nosas actividades, sin ter que ir a facer sementeiras ós campos alléos e sin ter que presenciar o caso de que veñan ás nosas institucións, en carácter de persoaxes de certa farándula, unhos vellos peideiros xa desacreditados politicamente, a poñerse en primeira liña en sitios que por direito corresponden ós galegos que teñen méritos.

E coste que esto non é fobia nin malquerencia. Nin o digo por que os tales vellos sexan hespañoles, pois, como hespañoles (i até como vellos) son respeitables i-aínda o son como reliquias. Pro, como políticos, xa debían estar desbotados i-esquencidos. Ademais, nas nosas institucións, son peso morto e non veñen a elas máis que como señores de mesa servida.

Pro, d'esto temos tamén a culpa nós (¡mea culpa, pol-o que me toca!) os que nos alonxamos i-ós que, con boa fé pouco razonada, levados pol-a impulsividade, fuximos dos sitios donde xustamente debíamos estar. Xa falaremos d'esto algunha vez.

Avelino Díaz.

O 75º ANIVERSARIO DE "LA PRENSA"

A NOSA TERRA, feita por homes libres e con afervorado patriotismo, sente como sua, a ledicia que nestes intres enche a cantos labouran no diario "La Prensa", prestixio da patria arxentina e honra do periodismo mundial.

Nós, cos mesmos ideaes, cos

mesmos anceios e as mesmas inquedanzas que aloumiñaron os fundadores de "La Prensa" cara a terra arxentina, ollamos coa mesma fe para un mañán, cara a nosa patria asoballada.

Eis aí o exemplo baril que nos da "La Prensa".

Rotisería 'El Serrano'



XAMONS - CHOURIZOS - etc., etc.

(A MANEIRA DE GALIZA)

NON ESQUEZA: BELGRANO 1949 — Tel. 47-1056

O Problema Ferroviario de Galiza

Para salvar a Galiza non abondan as eislaltacións líricas, nin as restauracións arqueolóxicas, nin as teorías políticas; compre, ademais, estudar os problemas económicos no seu verdadeiro orixe, para buscarlle, dispois, o remedio axeitado. Por eso queremos insistir no tema das comunicacións de Galiza co resto de Hespaña e de Europa. No número anterior de A NOSA TERRA denunciámos a torpe e indecorosa política do Estado hespañol, que desvalorizou a posicións xeográficas de Galiza, bloqueándoa comercialmente e inutilizándolle os seus portos naturais, en beneficio de outras terras menos axeitadas para o comercio ultramarino. Hoxe queremos insistir sobor da mesma cuestión, referíndonos ao problema ferroviario galego e á necesidade de acabar co uniformismo político de Hespaña, causa evidente do illamento de Galiza.

A PRIMEIRA OFENSIVA

Fai noventa e dous anos que o noso Eduardo Chao, tan admirado por Curros Enríquez, concibeu a idea de valorizar os portos galegos, proponendo a construción d'un ferrocarril que atravesara o territorio hespañol, dende Galiza a Cataluña. As campañas de Chao fixeron que Isabel II firmase un real decreto (7 de agosto do 1853), incluíndo no plan xeral de ferrocarriles de Barcelona a Vigo e a Cruña, pasando por Zaragoza e Madrid, "con la mayor brevedad y urgencia de trámites". Chamóuselle o "ferrocarril del Príncipe de Asturias" por ser de primordial intrínseco e o que primeiro debía construírse. Por real orde do 14 de xaneiro do 1857 encargáronse ao inxeniero don Práxedes Mateo Sagasta o estudo da liña de Galiza, é dicir, a liña de Medina del Campo a Vigo e a Cruña, por Zamora e Ourense. Pero este ferrocarril aínda hoxe non se rematou de construír, porque a política hespañola, escrava dos intereses creados, non pode consentir que se rompa o bloqueo comercial dos nosos portos, e sacrificando os vitais dereitos de Galiza a calisquera artificio económico, por absurdo e antigoado que sexa.

En 1862 formouse a Sociedade anónima que había de construír e explotar o ferrocarril galego de Medina a Vigo, por Zamora e Ourense, pensando "en fomentar las relaciones con América y Europa"; pero esta Sociedade foi vítima de terribles maquinacións, urdidas en Madrid contra Galiza, que impediron a realización total da obra. No entanto a liña ferroviaria de Asturias a León avanzaba dende Palencia, protexida por toda caste de favores e privilexios, para suplantar o proieito primeiro, de Medina a Vigo, que era o máis racional e o que conveña á grandeza e decoro de Hespaña. Entorpecíase a realización do ferrocarril de Medina a Vigo e favorecíase a liña de Asturias e León, que axiña chegou á Cruña por un camiño tortuoso, trazado adrede. Con esto xa se consideraban servidas, dende Madrid, as necesidades de toda Galiza, aunque Vigo ficase incomunicado co interior de Hespaña. Así Galiza sería o punto máis alonxado de Hespaña e de Europa.

Pero non foi posible contar os anseios galegos de progreso. Fíxose o ferrocarril de Ourense a Vigo e o de Redondela a Santiago, a forza de contratempos financeiros e con un recorrido absurdo, imposto pola probeza, que soio buscaba o menor coste.

Entón o Estado, en vez de favorecer a construción do trozo que debía unir a Zamora con Ourense, pagou o ramal de Ourense a Monforte, para que non se viran compridas as léxítimas aspiracións de Vigo. O diñeiro do Estado regateouse sempre para os ferrocarriles galegos, menos para construír o ramal que nos levase a Madrid e a Europa polo camiño máis longo. Velahí un feito que atestiga o separatismo do Estado hespañol encol de Galiza.

A EVIDENCIA DOS NUMEROS

Para que se vexa cómo a política centralista deixou a trasmán os portos galegos, que son os máis próximos á América, imos comparar as distancias xeográficas coas distancias por ferrocarril entre Madrid e os portos colocados na corrente do tráfico intercontinental. Veremos que Vigo está máis lonxe por ferrocarril que ningún outro porto da Península, cando xeográficamente, non soio é o máis avanzado de Europa no Atlántico, senon que, ademais, está máis perto de Madrid e da fronteira francesa que Lisboa e Cádiz. Vigo dista xeográficamente de Madrid 43 kilómetros menos que Lisboa, e por ferrocarril dista 160 máis; Vigo dista de Madrid 23 kilómetros menos que Cádiz, e por ferrocarril dista 115 máis. ¿Pode concebirse tamaña preterición d'un porto, que debería ser o primeiro de Hespaña?

Vexamos agora as diferencias xeográficas e ferroviarias entre Vigo e outros portos atlánticos da Península en relación con Madrid, tendo en conta que ningún porto europeo aventaxa aos portos galegos en privilexios naturais, de posición marítima e de abrigo portuario. Vigo dista xeográficamente 40 kilómetros máis de Madrid que Gijón, pero por ferrocarril dista 246 máis; Vigo dista 30 kilómetros máis de Madrid que Oporto, pero por ferrocarril dista 267 máis; Vigo dista 105 kilómetros máis de Madrid que Pasaxes, pero por ferrocarril dista 203 máis; Vigo dista 130 kilómetros máis de Madrid que Santander, pero por ferrocarril dista 320 máis; Vigo dista 135 kilómetros máis de Madrid que Bilbao, pero por ferrocarril dista 272 máis.

Esta irritante diferenza poderíamos establecela igualmente entre os portos mediterráneos e Vigo. Así, por exemplo: Vigo dista 165 kilómetros máis de Madrid que Valencia; pero por ferrocarril dista 333 máis.

Queda patente, pois, o bloqueo comercial de Vigo, como porto de importacións e exportacións; pero tamén poderíamos evidenciar, con números, a preterición que sofre o porto da Cruña e o de Vilagarcía.

OUTRAS PROBAS

O proieito primeiro de ferrocarriles para Galiza comprendía un total de 1.513 kilómetros, e antraméntas se melloraba e

CASTELAO

compría o plan ferroviario de outras partes de Hespaña, en Galiza nin se realizaban os plans nin se respetaban no papel.

Así ocorreu que o plan ferroviario de Galiza foi modificado varias veces i en todolos programas figuraba o trozo de Zamora a Ourense. Por fin o Consello Superior de Ferrocarriles trazou un proieito que parecía definitivo. Pero compre decir que este proieito comprendía un total de 997 kilómetros de ferrocarril para Galiza, é dicir, 536 kilómetros menos dos que xa se lograrian nos primeiros plans.

A todo esto chegou o famoso Guadalhorce e, facéndonos un gran favor, reduxo as liñas legais ao ferrocarril Zamora-Cruña, por Ourense e Santiago; é dicir, a 506 kilómetros de vía férrea, que son a terceira parte do que a nosa terra xa tiña logrado nos vellos proieitos. Compre decir que Guadalhorce suprimiu maliciosamente o ramal de Vigo por Arnoia, que acortaba en 53 kilómetros a distancia do porto vigués ao seu interland, co que este porto se colocaría, coas novas obras, en condicións de resistir a competencia ilícita que se lle ven facendo.

O plan de Guadalhorce tiña, polo menos, a ventaxa de que se había de realizar. N'efeito; comezáronse as obras, e co advenimento da República todos pensamos que se aceleraría o ritmo dos traballos, para subsanar as inxusticias que a monarquía cometera con Galiza; pero... non foi así. O ministro de Obras Públicas, Sr. Prieto, tivo a ben acordar que non era necesario este ferrocarril, porque Galiza era moi probe para semellante luxo...

A NOSA PROTESTA

O povo galego sinteuse magoado pola determinación do Sr. Prieto, e o que esto escribe interpelou ao Goberno, dende o seu escano de Diputado, para facer respetar os dereitos e a diñidade de Galiza. Velahí algúns treitos do noso longo discurso:

"Un país europeo que soio ten un kilómetro de ferrocarril por cada mil trescentos habitantes, está na obriga de realizar un esforzo supremo para salvarse d'esta vergoña, porque o problema do tráfico ferroviario en Hespaña é simplemente un problema de diñidade e decoro hespañol. Pero aínda é máis vergoñosa para o Estado que nos rixe, a situación ferroviaria de Galiza, que soio conta cun kilómetro de ferrocarril por cada tres mil e pico de habitantes. Afirmar que se leva gastado demasiado diñeiro en ferrocarriles, co mesmo ton lastimeiro con que se poidera decir que se gastou demasiado na guerra de Marrocos ou nas Esposicións, é incurrir nunha flagrante torpeza, que soio pode disculpase polo apaixonado temperamento de quen o afirma".

"Tamén se dixó que é preciso sacrificar os intereses rexionais aos intereses máis outos da Nación... pero este tópico non pode ser aplicado ao ferrocarril galego, que é d'un evidente intrínseco xeral, e como tal se considera en todolos plans oficiais. Por ou-

tra banda, falar con xesto desprezativo dos intereses rexionais e locais ten que ofendernos, porque os intereses locais son tamén intereses hespañoles, e a suma de todos eles é o que debe constituir a base fundamental d'unha democracia republicana".

Evocamos no Parlamento a hestoria do ferrocarril galego, para desfacer unha mentira que se botara a rolos con obxecto de facer creer que a tal obra era un enxendro da Dictadura primorrista, e vemos: "Non se trata d'un ferrocarril improvisado alegremente, senón d'unha obra que responde a necesidades longamente sentidas. Pero, aunque así fose, as obras non son boas ou malas por quén as realiza senon polo que elas representan en sí, pola utilidade que van a prestar, e proba d'elo está en que na ponencia do Goberno respétase a seición da Cruña a Santiago, creada pola Dictadura, antraméntas que se anula o trozo de Zamora a Ourense, que está avalado por todolos requisitos técnicos e legais apetecibles, i esto, visto dende Galiza, semella un escarnio insoportable, porque a nosa terra non soio necesita que se remate axiña a construción do ferrocarril, íntegro, de Zamora á Cruña, senon que, ademais, está necesitada de outras liñas férreas, tales coma o ferrocarril central, de Pontevedra a Ribadeo, por Lugo".

IMPORTANCIA DO FERROCARRIL

"Para decatarse da importancia que terá esta vía férrea no intercambio de produtos entre as rexións de Galiza e Castela, será d'abondo coñecer os acortamentos de distancia, sen contar cos de tempo, debidos ao mellor trazado da liña. Na actualidade é doado ver cómo se establece de feito unha especie de aduana interior en Monforte, que grava os produtos de importación i exportación, en termos insoportables, pola distancia innecesaria que teñen que percorrer. O correspondente incremento en gastos de transporte, que ascende a moitos millóns de pesetas, coloca a Galiza nunha situación de desigualdade respecto ás demais rexións do litoral, i esta inxusticia non pode soportala Galiza sin consiñar, primeiramente a súa protesta e sen recurrir, dispois, a todolos procedimentos legais ou estralegais que sexan necesarios até ver compridas as súas léxítimas aspiracións de melloramento. E dende logo advertimos que si se decreta a morte do ferrocarril galego, nós non poderemos permancecer no Parlamento".

"Como as rexións a que ha de servir de vello este ferrocarril son de produción complementaria, folga remarcar a importancia que nós lle concedemos, sobor de todo dispois de termos visto moitas veces cómo as fariñas de Castela chegaban a Galiza pol-as liñas portuguesas, porque os acortamentos de distancia compensaban con creces os inconvenientes aduaneiros".

"En Galiza non podemos concebir que se fale seriamente da inutilidade do noso ferrocarril, porque toda a nosa riqueza mineira, forestal e gandeira, así como a nosa pesca, están vinculadas fortemente a esta obra.

Somentes a provincia de Pontevedra e na zona que atravesará este ferrocarril, están denunciadas e tributan ao Estado máis de coarenta minas, de wolfram i estaño principalmente, que aínda non se poden explotar por falla de medios de transporte económicos".

PEDIMOS PORQUE PAGAMOS

No noso discurso denunciámos a preterición que sempre sofreu Galiza, obrigada a ser un Finisterre aínda dispois do descubrimento de América. Relatámos cómo fixo ela mesma as estradas que a comunican con Madrid. Comparámos o que paga Galiza por toda caste de contribucións, impostos e monopolios co que o Estado gasta en Galiza por toda caste de atencións, incluso as de Obras Públicas, para deducir, coa evidencia dos números, que non somentes pagamos as obras do ferrocarril senon que o Estado se queda con moito diñeiro noso, para favorecer con el a outros povos que cicais sexan máis ricos que o noso porque están protexidos. Desfixemos os finxidos temores do Sr. Prieto sobor do déficit que o noso ferrocarril ocasionaría ao Estado e bulrámonos das campañas intresadas que un tal Rivera viña facendo por conta allea. Mentras non se demostre o contrario, nós suxetámonos aos cálculos do inxeniero señor Cantero, que mereceron o asentimento do xefe de estudos e construcións dos ferrocarriles do Noroeste, Sr. Murúa, corroborados fai pouco polo Sr. Machimbarrena. Considerado como Empresa industrial, o ferrocarril galego produciría un 4 por cento; de modo que tampouco se pode considerar como un negocio ruinoso".

"Pero hai que ter en conta que os ferrocarriles que o Estado constrúe pola súa conta non deben ser considerados como Empresas industriais. Son servicios públicos que o Estado debe acometer en ben dos cidadáns e das súas creacións industriais e comerciais, polos beneficios indireitos que o propio Estado recollerá para si cando a vía férrea alume nove riquezas. ¿Son acaso un negocio as estradas e as pontes? ¿Sería lícito que un gobernante considerase as Escolas e Universidades como un negocio?"

NON SOMOS PROBES PARA PAGAR

"A deplorable situación de Galiza, en canto a comunicacións, poidera xustificarse pola probeza do Estado se outras rexións, sempre privilexiadas, non dispuxeran de excelentes servicios ferroviarios, feitos, en grande parte, á nosa conta. Tamén a probeza de Galiza poidera disculpar, dicurindo torpemente, o abandono en que a tén o Estado, se o tal Estado, por outra banda, nonnos obrigase a tributar como ricos. Os galegos somos ricos para pagar e o Estado quer que sexamos probes para merecer!".

"Galiza non pode nin debe renunciar ao seu ferrocarril; porque, si o pagou, si axuda a engugar unha anualidade de moitos millóns de Deuda pública,

(Continúa en la pág. 5)

El Estado Nacional Gallego

y su Poder Constituyente

No noso número anterior publicamos un rexo traballo de Eloy Luis André, o coñecido filósofo i-economista galego, encol do noso idioma; hoxe facémolo mesmo con outro xárdio sobre o Estado gallego. Publicámolo en castelán, en vez de facelo no noso idioma, tal como foi feito pra o "Liberal", de Madrid, no ano 1931. Coidamos que é de actualidade.

UN Estado es nacional, cuando es forma sustancial de una nación. Una nación puede vivir en latencia histórica, sin que se plasme en Estado nacional. El Estado para ser nacional ha de ser fuerza, conciencia y cultura plenas y vivas de la Nación. Ha de ser la Nación misma organizada como persona suprema consciente de sí propia y de sus destinos dados bajo la forma de problemas a resolver, de ideales a realizar.

Si el Estado es una persona social suprema, para la realización de todos los fines históricos jurídicos y de cultura, ha de tener un poder propio y adecuado, una voluntad de subsistir como tal, con autarquía y con capacidad de conservación y de renovación.

El poder constituyente

El poder constituyente del Estado será aquél que es capaz de hacerle subsistir como tal, como Estado constituido y de renovarse en su evolución histórica, merced al empleo de sus propias actividades. Poder constituyente y poder constituido son substancialmente un mismo poder: son dos modalidades de la soberanía o capacidad autárquica del Estado en orden a sus propios fines. El poder aquí constituido es acto del poder constituyente. El poder constituyente es primera potencia de posibilidad virtual, del poder

constituido. Cuando los poderes constituidos se anulan en su actuación, coaccionados por un poder despótico extraño, es el poder constituyente del Estado, como poder de legítima defensa, bajo la forma jurídica de derecho de revolución, el que hace ostensible la actividad propia del Estado y el que rehabilita los poderes secuestrados por una autocracia heterótica, por un imperialismo opresor, por una tiranía injusta. Y una vez lograda por la revolución la rehabilitación de la propia soberanía, es el Estado, como poder constituyente, el que organiza nuevas formas de vida jurídica, estructura en un nuevo régimen los poderes constituidos y regula su actividad con normas constitucionales.

El poder constituyente del Estado es, pues, su propia voluntad de vivir, su aspiración, su intención, su propósito de perseverar en su propio ser.

La constitución

Por el poder constituyente el Estado se instituye en sociedad política, organizada con determinación de poderes y regulación de funciones y el producto reflexivo y madurado de esta razón de ser consciente y de vivir soberano es la Constitución.

El establecimiento de una Constitución supone, como dice Mauricio Hariou: 1º, una "intención" constituyente en toda la nación; su órgano es la opinión y los imponderables afectivos. Su crisis se manifiesta en el ejercicio del sufragio; 2º, un "poder constituyente", que obra en nombre de la nación; su órgano es la Convención Nacional, la Asamblea constituyente o las

por Eloy Luis André

Cortes constituyentes. Puede completarse su labor por el referendun y la iniciativa popular y por el "recall". Asamblea, Convención o Cortes constituyentes sólo son órganos legislativos especiales, que ni deben apoderarse, ni ser instrumento de poderes ejecutivos. El poder constituyente es el origen de todos los poderes y la potencia inagotable de renovación del mismo Estado. El poder constituyente del Estado ha sido reconocido por Bodin en sus libros sobre la República, por Sieyès, por Rousseau, por la Declaración de Derechos del hombre y del ciudadano en 1793 y por las nuevas teorías alemanas del "Reichstag", reconociéndose como complemento a su objetividad el poder constituyente como poder de autolimitación y autorregulación y control (Ihering, Jellinek).

El titular del poder constituyente es el pueblo o la representación del pueblo (V. a Egon Zweig — citado por Martí Jara en su libro "El rey y el pueblo" — Madrid, 1929) y que se titula "DIE LEHERE ON PÖUVÖIR CONSTITUANT". Esta es la doctrina constitucional de la República francesa; y estas son las doctrinas constitucionales de la postguerra: donde se da históricamente un pueblo, subsiste latente el germen de su poder constituyente, que se revela primero como conciencia de sí mismo y después como conciencia del propio poder, de la propia personalidad y voluntad nacional.

La esencia del poder

La esencia del poder constituyente no es solamente la voluntad del pueblo.

Es la voluntad guiada por la razón práctica, es decir, por la conciencia subjetiva, de las normas objetivas del derecho y de la justicia immanentes en el pueblo. Razón y voluntad social completan la plena personalidad y poder constituyente del Estado. El Estado soberano puede hacerlo todo, pero dentro de aquellos límites del derecho justo y del bien común de los ciudadanos. La voluntad del pueblo, no es la arbitrariedad. Como la autoridad, no es la tiranía. La libertad ha de tener conciencia nacional del límite. Hay que restringir por consiguiente la concepción ultra-liberal de Sieyès en un sentido solidario y social. El hecho de que la voluntad popular sea libérrima y no coaccionada sin traba alguna, como dice muy bien Recaséns y Sitges en su obra "El Poder Constituyente", no implica, ni mucho menos, negación de límite. Precisamente el poder constituyente es capacidad consciente y racional de fijar el propio límite. "El poder constituyente lo puede todo", dice Sieyès, y nosotros añadimos: puede todo lo que es racionalmente posible, según las normas del derecho justo.

Caracteres del poder constituyente

Caracteres del poder constituyente son fundamentalmente los mismos de la soberanía: uno,

pleno individuo, autolimitado, autorregulado, inalienable, permanente, intransmisible e imprescriptible y, además, irrenunciable.

Aplicando esta doctrina del poder constituyente al Estado nacional gallego, que, como el catalán y el vasco, se van a organizar en Estado federal en nuestra segunda República, pues el compromiso con Cataluña de los individuos del Gobierno provisional, no implica privilegio para Cataluña, si la voluntad de Galicia y la razón de Estado de Galicia, se hacen ostensibles con energía y perseverancia, veremos que ha de sernos muy fácil organizar la vida pública del pueblo gallego, apelando a un doble procedimiento: la introspección en la conciencia colectiva de Galicia y a la comparación de nuestra vida constitucional con la de los pueblos celticos (Francia, Norteamérica, Suiza, Portugal, Brasil e Irlanda). Así el Código constitucional gallego no será un sistema dado "a priori", sino más bien una forma adecuada y peculiar de la vida política del pueblo gallego.

La Constitución irlandesa de 1922 y las de los soviets de 1923 y 1925 tienen el postulado del "pacto federal". La Constitución alemana de 11 de agosto de 1919 tiene el carácter de federalismo orgánico. La unión federal es indestructible, pero respeta la libertad.

La constitución gallega

Nuestra futura Constitución gallega ha de organizarse y articularse dentro de la futura Constitución española, que ha de ser federal por el compromiso histórico con las Vascongadas y el compromiso ratificado a su advenimiento con Cataluña. Ha de organizarse como constitución de un Estado federal según el Nacionalismo federalista y orgánico.

El examen de la conciencia introspectiva de Galicia nos da como principio de unidad constitucional, como "mónada" constitucional la "parroquia", a la que se superestructura el "municipio rural", la "villa", la "ciudad", la "capital", de la "provincia", y la "capital de la nación". Además de estos núcleos superestructurados, la nación gallega se organiza en tres sin-tagmas geográficos: el "litoral", la "montaña" y el "valle" y en "regiones", "comarcas", "provincias", "distritos" y "jurisdicciones" de Ayuntamiento y de parroquia. Dada la comunidad espiritual y económica de gallegos, que viven en Galicia y fuera de Galicia, la vida constitucional gallega debe tender a organizar políticamente los núcleos gallegos extranacionales, las colonias autónomas gallegas y los pequeños núcleos de emigrantes que viven en nomadismo o esporadismo, políticamente inconsistentes, en el régimen actual de la Nación.

Una Constitución gallega que responda a las exigencias reales de la conciencia colectiva de Galicia ha de abarcar una declaración de derechos humanos, en función de la libertad y de la solidaridad, de la cultura, del trabajo, de la propiedad, del

bienestar social y de la vida espiritual gallega. Los derechos humanos no pueden concretarse a los del hombre de 25 años, sino que han de hacerse extensivos al niño, la mujer y al anciano. Los derechos políticos han de arrancar de los 20 años, dado el desarrollo precoz de la raza. Irlanda tiene la mayor edad política a los 21. En los nuevos derechos políticos deben comprenderse los relativos a la familia como personalidad plena y libre en la parroquia, el derecho de ciudad, los derechos de la vida municipal, los corporativos y los relativos a la sindicación libre y obligatoria de trabajo y de cultura y a los sindicatos mixtos de trabajadores y patronos.

Nuestra "Declaración de derechos" no puede descuidar los relativos a fundamentar la personalidad nacional de Galicia dentro de España, la de las minorías nacionales enquistadas en nuestro Estado nacional, las relaciones de cultura y de trabajo entre nuestra nación y las naciones ibéricas con mediación del Estado español, y la organización libre y federal de la República gallega dentro de la segunda República española.

Han de definirse y determinarse los derechos políticos del ciudadano gallego, los deberes y hábitos de ciudadanía y civismo, con las garantías jurídicas de su conservación.

No pueden preterirse los derechos y deberes políticos del Estado nacional gallego en la organización superestatal española, ni los derechos de Galicia como minoría nacional ante la "Anfictionía hispano-americana" y ante la Sociedad de naciones ibéricas.

La Declaración de derechos, sin olvidar los de iniciativa referendun y recall, ha de completarse con la estructuración de poderes jerárquicamente organizados en su funcionalismo y constantemente controlados en un régimen de pura democracia por el pueblo.

Los principios directores del nuevo poder constituyente de la nueva Europa han de informar nuestra Constitución, que ha de trascender de la "Declaración de los derechos del hombre y del ciudadano" de 1793 dando valor pleno y preponderante a los ideales nuevos relativos a la familia, al orden, a la autoridad, a la ética, al derecho, a la economía, a la técnica, a la vida espiritual y a la conciencia religiosa. Así formaremos a Galicia como Estado nacional, como pueblo libre, con la constelación humana de pueblos libres, en el reino puro de los fines de Kant, conjugando según el verdadero ideal de toda Sociedad de Naciones.

Sobre todo Galicia no puede desconocer la constitución histórica immanente de la Constitución interna y externa a que aludía Cánovas, de la raza céltica, que cristalizó en toda su pureza en la Constitución histórica de la nación irlandesa, que se van elaborando en Europa del siglo II al X. Se buscó en ella solución, como dicen Darrel Figgus-Erskine Childers, a la antinomia jurídica, al equilibrio entre un poder centralizado y una constitución descentralizada. Es el mismo pensamiento de Bolívar y el que vemos cristalizado en los Fueros de Vizcaya, Na-

(Continúa en la pág. 6)

O PROBLEMA FERROVIARIO DE GALIZA

(Viene de la pág. 4).

contraída en atencións que lle son alleas; si contribúe a cobrir gastos que lle repunan porque de nada aproveitan; si ven sofrindo as graves consecuencias económicas do arancel proteitor de outras rexións hespanólas; si os seus problemas peculiares, pola diferenciación con que se caracterizan, escapan sempre a eso que vós chamades "intereses nacionais", xusto será que os Poderes Públicos fixen a súa atención nas nosas apremiantes necesidades. Galiza ten dereito a que as obras do ferrocarril se leven a cabo no tempo máis breve, sen regatear un diñeiro que en nada sería mellor empregado, porque tales obras son de vital importancia para nós e para todos, que, ademais, xa pagamos con escoso e non son máis que unha pequena compensación a tantos sacrificios como sempre nos foron eisixidos".

Velahí o que dixemos, sen contar o que se fixo en Ourense; pero é preciso confesar que Galiza non reaccionou como debía.

CONCLUSIONS

O ferrocarril de Medina del Campo a Vigo pasou sesenta anos en estado de proieito, sen que ninguén se atrevese a negarlle o seu carácter nacional, pero opoñéndose todos á súa rea-

lización íntegra. Fíxose o Medina-Zamora e o Ourense-Vigo; pero as obras do trozo intermedio, as do Zamora-Ourense, fai xa vinte anos que se comezaron e aínda poden durar outros vinte máis, si é que algún día teñen remate. A hestoria d'estas obras —total unha vía férrea de 250 kilómetros— atravesou por tres períodos de dictadura (o de Primo de Rivera, o de Berenguer e o de Franco) e por un de democracia republicana. Calquera comprende, dispois do que relatamos, que o centralismo, sexa monárquico ou republicán, liberal ou despótico, non romperá endexamáis o bloqueio comercial dos portos galegos e, por ende, a preterición de Galiza. O povo galego é unha décima parte da población hespanóla e mal podemos vencer democráticamente a unha maoría que se aferra aos seus intreses locais, confabulados contra Galiza. Un dictador sempre será unitarista e mal pode desprezar os intreses creados, que en Hespania pesan moito máis que os naturalmente lexítimos de Galiza.

A nosa salvación económica depende da nosa propia liberdade política. Cando Hespania sexa unha Confederación de povos libres non necesitaremos loitar cen anos para conquistar un pequeno ferrocarril...

EL ESTADO NACIONAL GALLEGO...

(Continuación de la pág. 5)

varra y el Pirineo aragonés. La Constitución irlandesa del primer milenario encerraba un pensamiento político, social y económico.

Democracia y aristocracia se organizan con ella como estructuras complementarias, según el principio de la unidad e igualdad de estructuras jerarquizadas, sólo al fin de la función.

La fuente del poder constituyente es la vida. La ley sólo se corrobora y hace plenamente obligatoria cuando pasa por el crisol de la vida. La Constitución así está siempre en proceso de desarrollo, de devenir prolijo por un permanente poder constituyente moviéndose entre dos polos: una realidad inexorable y un exaltado idealismo.

Federalismo

El régimen federal en la constitución política irlandesa se organizaba como en Suiza, Alemania y Rusia. Cada Estado era miembro de un Consejo federal, miembro político y con plenitud económica y deliberativa en su propio régimen interno. La fuente del poder ejercido por representación era el sufragio. La tierra era patrimonio común de los ciudadanos en la nación y no podía ser enajenada. El pueblo era el soberano y formaba una comunidad estructurada y basada en la tierra. Cada Estado local o provincial aplicaba la ley según la medida de adaptación a la capacidad política del pueblo y conocía y aprobaba la ley general coordinada en las Asambleas. Forma anticipada de "referendum" tácito y general para toda ley emanada del poder central.

Las jerarquías en esta democracia sólo se atribuían al mérito, al prestigio y al valor, no al nacimiento. La nobleza se renovaba por sí misma. La Constitución irlandesa, la más pura de los pueblos célticos, fué fruto de una larga elaboración. El Concilio de Constanza, en 1416, reconoció a Irlanda como uno de

los cuatro Estados constituyentes de Europa con valor original, después de Roma y Bizancio y antes que España. Emula de Irlanda en nuestro Occidente peninsular fué Compostela, ciudad de "santos" y de "sabios", que con los "héroes poetas" y "jurisconsultos", constituían en el mundo céltico la verdadera aristocracia del valor, del saber y de la bondad, única que reconoce Schopenhauer, frente a la de sangre y la del dinero, que son en el fondo privilegios que obedecen a la Ley de los derechos adquiridos, que fustigó Fernando Lassalle.

La obra de los republicanos gallegos

La obra de los republicanos gallegos es la de estructurar y organizar a Galicia según estos principios, que todos los gallegos llevamos en la masa de la sangre y en los entresijos del alma. Hemos de organizar políticamente el pueblo a imagen y semejanza de los destinos de la raza y de las exigencias de la cultura humana. Esta generación no cumple su deber histórico, si se deja arrastrar dentro de la segunda República por un nuevo caciquismo o feudalismo de los poderes gallegos de la Nación gallega, vinculándolo en una casta de políticos profesionales que monopolizan la bandera tricolor y berrean la libertad como hombres, pero que en el fondo son los nuevos niños de teta del nuevo poder republicano, cuyo cordón umbilical se anudó a la placenta madrileña, donde la eterna nodriza del poder central suministra biberones de leche mercenaria a sus insaciables apetitos. Esos también serán traidores. Quien no se siente vigilado y es propenso a la corrupción, se rompe. Y nada decimos de las metempsicosis, política de última hora. Esos cambios de chaqueta son tan bruscos que hacen reír de asco y de desprecio, y hacen llorar de indignación.

Galegos Meseteiros

Por M. Pedreira

A evolución experimentada por la idea galeguista nos derradeiros tempos é de tal manitude que fainos ver confiadamente o porvir da Terra. Cada día que pasa a causa de Galiza afianzábase con fervor na conciencia de todos os galegos, e aínda aqueles que sempre foran reacios as novas ideas hoxe recoñecen que as cousas de Galiza non andiveron ben até agora e que as solucións que permitan arranxar os nosos problemas teñen de acharse en nós mesmos e non no alio.

Mais esta evolución tan satisfactoria dos ideais galegos de redención non chegaron a aniquilar aos nosos inimigos, a esas xentes que non saben facer outra cousa que negar sistematicamente os nosos inalienables dereitos de povo diferenciado. Peor aínda; diante o reurdir da conciencia nacional de Galiza, redoblan os seus esforzos por desviar as ansias redentoras do noso povo. Saben o perigo que representaría presentarse públicamente como inimigos declarados de Galiza e entón manobran soleramente creando confusións e barallando capciosamente verbas e conceptos co escusivo oxetivo de desunir ao povo galego e dificultar así a solución dos seus problemas.

Esas xentes de mentalidade esteparia diron en chamar arredismo a todo o que sea cultivar e soste os dereitos do povo galego fronte aos proxeitos asurventes da política centralista. No seu desexo de perpetuar o problema galego nos termos irracionais e asurdos en que está plantexado ven pantasma a isto, e con unha oucecação diña de Isabel e Fernando ou de calquer falanxista con vontade de imperio, erguen o espantallo do arredismo galego, do mesmo xeito que a máis intransigente relación hespanhola falaba denantes do peigo catalán e vasco.

A nós non nos asombra que eixista ese tipo de xente. A nós non nos eistrana que haxa casteláns de Castela cu de calquer outro curruncho que amparándose na lembranza d-unha funesta acción ao fronte dos destinos do Estado Hespanhol nos intres máis promisorios da vida contemporánea, pensen, falen e escriban contra Galiza. A nós non nos asombra eso porque sabemos que o xénero humano é capaz das máis grandes degradacións.

Mais o que nos enche de noxo é ver a certos galegos de espírito servil entregarse sumisos a esas negadotes dos dereitos do noso povo, a esas xentes que non perden oportunidade de desprecios decote. Carraxe e noxo sentimos ao ver a estes galegos que se poñen incondicionalmente as ordes do espírito castelán e venden a súa alma de galego por poder fotografarse a veira de políticos prehistóricos ou sentarse xunto a eles nunha d-esas comilonas xa tradicionais.

A atitude d-eses galegos traspa-a os lindes do ridículo para chegar a traición da súa Terra. O seu complexo de inferioridade faillén acoller xubiloso calquer idea de meseta aínda que teñan de negar con elo a súa patria. É así que algúns galegos non dubidan en empurrar o espantallo do arredismo que certos políticos casteláns se empeñan entonar en todas partes. Con mentalidade de papagaios fálannos decote do "perigo arredista" e non teñen incoemente en embarcarse espiritual e politicamente cos que propuñan as máis desacreditadas teorías centralistas.

Nos coidamos que hay mala intención ao soste que o problema de Galiza está plantexado entre arredismo ou centralismo. Mais se así fora, ningún galego pode honradamente declararse inimigo dos arredistas.

Entre a eislación do noso, único delito que se lles pode achar aos arredistas, ou a negación total de todos os nosos dereitos como galegos os centralistas, coidamos que ningún galego pode dúbida, a menos que sinta saudade por non haber nacido nas Hurdes.

Un galego ten perfecto dereito a sentirse autonomista, federalista ou arredista, mais ao que non ten dereito é a ser instrumento do centralismo, axudando aos inimigos de Galiza nos seus proxeitos negativos. O que se sinta meseteiro tan de renunciar aos seus dereitos de ga-

Aos Socialistas Galegos

O galeguismo non pode tomarse como patrimonio exclusivo de ningún. Entendemos que o galeguismo é un ideal patriótico, consustancial coa democracia galega, e que dende calquera punto de vista social ou político se pode servir a Galiza, menos dende aqueles que, de antemán, negan a existencia do feito galego dos seus problemas de liberdade. Tanto é así que, para nós, Xaime Quintanilla foi decote un galeguista insuperable aínda que militara no Partido Socialista. E así como non os consolamos da morte de Quintanilla, tampouco nos consolamos de ver algúns socialistas galegos perdidos no coro adulador de quen odia a Galiza e non perde ocasión de aldraxala.

Seipan estes socialistas galegos que non somentes prevarican como fillos de Galiza senón tamén como afilados da doutrina que abrazan. Seipan que o Partido Socialista Obreiro Hespanol e a Unión Xeral de Traballadores —abolidas ambas orgaizacions pol-a dictadura franquista— acaban de resucitar en Hespana coa súa propia e orixinal fisonomía, libres de advenedizos e perturbadores. A unión que manteñen subterráneamente é superior á de calquera outro Partido hespanol. Podemos asegurar que os socialistas de Hespana lamentan a discordia dos seus compañeiros desterrados, que, ademais de inutilizárense a si mesmos, provocan, por contaxio, a descomposición total do republicanismo hespanol. Eles quizeran que no eislío xurdise unha unión socialista, capaz de formar cos demais hespanoles unha unidade de dirección democrática. W

Os socialistas do interior acordaron revalorizar os principios básicos do seu programa oficial, e, pol-o tanto, ademiten a Confederación republicana de nacionalidades ibéricas, que Galeuzca propugna. Nós destacamos este acordo porque algúns socialistas do exterior —feitos de presa no tempo das vacas gordas ou afeitos a impoñeren o seu criterio particular— siguen ignorando a ideoloxía política do seu Partido e fan alardes d-un centralismo cerril. Non somos nós, certamente, os chamados a reprimir tales in-consecuencias; pero felicitámonos de que xurdira en Hespana quen pode reprimilas.

Nós, que vimos a Vandervelde —o cabezaleiro da Segunda Internacional— ao fronte d-unha manifestación en Amberes, demandando, entre outras cousas, a oficialidade do idioma flamengo e a flamenguización da Universidade de Gante; nós, que sabemos de qué modo Pablo Iglesias —o pai do socialismo hespanol— defendeu, nun Congreso de Londres, a liberdade dos pequenos povos, adheríndose á causa dos separatistas cubanos, en fin, que abesullamos o avance das nacionalidades cara o seu dereito de autodeterminación, non comprendemos a inconsecuencia de certos socialistas no eislío, que abominan publicamente dos nosos lexítimos anxeos de liberdade e fulminan anatemas contra Galeuzca, que, en resúmen, defende un principio de reintegración peninsular, incorporado dende o ano 1918 ao programa socialista hespanol.

A inconsecuencia dos caudillos socialistas ponse de bulto na oposición sistemática que despregan contra nós; e para denunciarmos abondará transcribir a base segunda do programa acordado en Madrid, en xullo do ano 1918 polo Partido Socialista Obreiro Hespanol. Velahí o seu texto: "Con federación republicana de las nacionalidades ibéricas, recomende a medida que vayan demostrando indubablemente desarrollo suficiente, y siempre sobre la base de que su libertad no entrañe para sus ciudadanos merma alguna de los derechos individuales ya establecidos en España y de aquellos que son ya patrimonio de todo pueblo civilizado". Agora ben; unha confederación de nacionalidades implica o dereito de autodeterminación, porque é un contrato de persoas independentes, inclusive coa garantía d-unha "lei de divorcio" para o caso de que o casamento non se consolide coa práctica das virtudes... ¿Sabían esto os socialistas galegos? ¿Non ven agora como nós temos razón para denunciar aos seus caudillos?

Aínda será preciso que relatemos como se acordou a base segunda do programa socialista hespanol, dispois de transcribilo. Foi Teodomiro Menéndez o autor da proposición, e foi Besteiro quen se encargou de defendela. O discurso de Besteiro deben buscalo todos aqueles que duviden da responsabilidade do socialismo encol dos feitos nacionais de Hespana. Debemos dicir que Verdes Montenegro —un vello socialista, partidario das autonomías rexionais, ao xeito das que dispois se concederon— opúxose á ponencia de Teodomiro Menéndez e polemizou con Besteiro; pero resultou vencido na votación subsiguiente. Verdes Montenegro non estaba d-acordo co principio das nacionalidades nin co establecemento d-unha Confederación ibérica, a base de tal principio, e douse de baixa no Partido Socialista, porque a súa moral non lle permitía compartir cos seus compañeiros un compromiso de tanta responsabilidade. Velahí un caso formidable de conciencia política, revelador d-un carácter íntegro e d-unha honestidade de sen mácula; pero non podemos dicir outro tanto dos que ingresaron dispois no Partido, dispostos a buirar o seus principios...

Calquera republicán hespanol, incluso un pimargaliano, podería colocarse enfrente de nós. Un socialista, non! Un socialista hespanol, que coñeza o seu programa e a declaración de principios de seu partido, abogará pol-o establecemento dunha "Confederación republicana de nacionalidades", que é exactamente o que nós arelamos. Un verdadeiro socialista endemais podería impoñernos, como tope ideolóxico, a Constitución da cv, cos seus preceptos de autonomía rexional, outorgada por gracia do Estado unitario. Porque, quírase ou non, estamos agora n-un período preconstituinte e abocados a un mundo diferente do que perdemos e no que será preciso constituir unha Hespana nova. E, no que se refire á estruturação jurídica do futuro Estado, os socialistas debían concordar con Galeuzca.

lego, pois a Terra que non se dei- dos seus fillos que aloumifian aos xou domeñar até agora por dispo- que os insultan na súa honra de sicións de reis absolutistas, renega cibdabáns dur povo diferenciado.

HOGAR GALLEGO PARA ANCIANOS

Esta nova institución benéfica ben a encher un vacío na coledividade galega.

Dende hoxe os vencidos na loita pol-a vida xa non carecerán de fogar, e fogar agarimoso que lles recorde o seu eido natal.

En Domselaar (F.C.S.) foron adequerido trinta hectáreas de terreo con casa e instalacións necesarias para acoller pol-o menos a cuarenta persoas que percisen a axuda dos corazóns caritativos.

Sí vostede é bó galego, fágase socio desta benfeitora entidade, enviando a súa adhesión e

México 1660

CASA SIERRA

Grandes Establecimientos Funerarios

Callao 255 — Fco. Lacroze 4168 — Rivadavia 6602
Córdoba 5375

TELEFONOS: (54) Darwin 7000 - 1363 - 9000 y 1020
(38) Mayo 6056 — (63) Volta 7600

Sucursales en V. López, Olivos, Martínez y San Isidro (F.C.C.A.)
(CONCESIONARIOS DO CENTRO GALEGO)

Manuel Núñez

CANGALLO 409

CANGALLO 401

RIVADAVIA 2599

CAMBIO Y LOTERIA

Galiza e os Galegos por Partida de Nacemento

por Vázquez da Xesta

GALIZA viveu sempre nunha total orfandade pol-a acción dos políticos hespañoles. Os seus millores fillos, os que eran carne da sua carne, os que a levaban nas entranas e sofrian con ela as magoas dos trabucaires da política do Estado hespañol, os que polo seu valer intrínseco abundaron para dinificala ante propios e alleos, xamais poideron facerse ouvir no Parlamento de Madrid. Nen Brañas, nen Porteiro, nen Vicetto, nen Murguía, nen Curros, nen Pondal, ect., poideron falar n-éle. Carracido i Eduardo Chao, viviron abafados polos desleigados; Nicomedes Pastor Díaz tivo que ser deputado por Córdoba. Daí arrinca aquela sentenza de Carracido ao prologar o "Mestre de Santiago" de Curros: "**GALIZA PODERA FACER OS DIPUTADOS QUE LLE MANDEN I ÉSTOS CHEGAR A MINISTROS OU A OUTRO CALQUER POSTO, PEOR QUE CASUALMENTE, POR DEGRADACIÓN**". Velaí a historia dos políticos galegos do Estado hespañol: Chegar a ministros por degradación. ¡Por degradación d-éles, non de Galiza! Galegos desleigados, envilecidos con alma de criados, domesticados como cans de palleiro. Galegos, que diante a oferta dun posto de Manda Máis, esquecen sua Nai, traicionan sua Patria e desertan da loita pol-a liberdade da sua Terra para facer de comparsa e de mucamos a intereses alleos a Galiza. Esta é a historia dos políticos do Estado hespañol en Galiza.

A RENASCENCIA GALEGA

TODO o prestixio de Galiza se lle debe a un feixe de espíritos identificados coa dór e a ledecia do noso povo. Canto valem os no arte, na literatura, na ciencia i en todas as manifestacións culturais, foi obra dos escolleitos, dos enxebres, dos incontaminados coa política hespañola.

Desde o ano 1808 que deu comezo o movemento nacional galego na loita da independencia, até a sambreira Galeguista de Santiago no ano 1935, o rexurdimento da Patria, tivo por expoñentes as sensibilidades máis finas e as intelixencias máis claras que pariu a nosa Terra. Antolín Faraldo, no 1846, pede a independencia do país galego e remata cos fusilamentos de Carral. No 1856 recollen a bandeira dos anceios liberadores Pondal e Aguirre, cuia conxunción arrinca do banquete de Conxo. Veñen despois, en 1861, os irmáns La Iglesia cos Xogos floraes e o Album da Caridade. Aos 30 anos xustos desta data, ou sexa no ano 1891, Alfredo Brañas, dalle senso filosófico-político as aspiracións galegas con "El Regionalismo Gallego". Atópase xa encanlado o rexurdir da alma nacional e con Murguía por cabezaleiro fundouse en 1906 a Academia Gallega na Coruña. Nascen no 1916 as **IRMANDADES DA FALA** e despois das Asambleas de Lugo, 1918; Sant-Iago, 1919; Vigo, 1920; Monforte, 1921 e a Coruña, 1922, culminou na fundación do **SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS** no ano 1923, a máis outa entidade cultural galega, pol-a que, os nosos valores, chegaron aos Centros Centíficos estranxeiros de maior autoridade.

¿Onde se atopaban os partidos políticos hespañoles nesas datas? ¿Cal o seu aporte ao rexurdimento de Galiza?

A resposta é doado para calquera. Non fai falla ser erudito. Vexamos. Os políticos que detentaban a representación de Galiza — en calidade de criados — ao servizo dos intereses do imperialismo castelán achábanse atarefados en desgauleguizar a nosa Terra, en facer de nós un povo de parás e ilotas, en abafar canto fora ou tivera celme galego, ¡en degradarnos, por debaixo do común das xentes! Zurita, cronista dos Reises Católicos, dinos co maior desafogo que, por manda daqueles, **DEU COMEZO A DOMA E CASTRACION DE GALIZA**. Velaí o programa das Orgaizacions políticas, aínda hoxe, ao servizo do poder hexemónico de Castela en Hespaña. Dinos Castela — e sabemolo todos — que en Galiza pódese ser Mestre, Catedrático, Maxis-

trado, Xuis, Coengo, Gobernador, Diputado, ect. ect., descoñecendo todos os nosos problemas, ou peor aínda, inorandoos. **O ESTADO HESPAÑOL, CONCEDE GRATUITAMENTE, O DEREITO A INORAR A GALIZA.**

A MANDA DOS REIS CATOLICOS E O PROGRAMA DOS POLITICOS CENTRALISTAS

POÑAMOS a nosa mente na hora actual e ollaremos que os políticos centralistas, sen distincións de ideoloxías, dirixen seu empeño e folgos para dar cumprimento a manda dos Reis Católicos. Claro que agora non nos falan da **DOMA E CASTRACION DE GALIZA**, senón dos "intereses superiores", aos que deber someterse os políticos de pastidos non galegos, aínda que a nosa Terra non lle vaia nen lle veña no asunto. O caso é total-o pito e que acuda a mallada. Mais a Doma e Castra. ción segue dun xeito máis sutil i encuberto en verbas valeiras, pero sonoras, de pura fachenda: Liberdade, Fraternidade e Igoaldade. Liberdade para morrer de fame ou emigrar; fraternidade, despois de someter a economía galega ao xogo do capitalismo centralizado en Barcelona, Madrid e Bilbao — fraternidade de amos e criados —; igoaldade dende o intre mesmo que deixemos de ser Nós. Non se pode dar sarcasmo máis noxento.

¿Cómo vai haber liberdade, fraternidade e igoaldade nun povo asoballado? ¿Cómo vai a frolecer o tríptico da revolución francesa nun povo que é educado, polo Estado para que renegue de si mesmo?

A NUGALLA MENTAL DE MOITOS REPUBLICANOS

NON podemos negar a honradez política dos republicáns galegos anteriores ao 12 de abril de 1931; pero si podemos afirmar que viviron sempre pendurados dos fios de Madrid e que, por nugalla mental, colleinos a segunda República de costas aos verdadeiros i esenciaes problemas do seu povo. Deste xeito, Galiza, voltou a ser o campo envexado polos calculistas eleitoreiros. Comezouse a barallar cifras coa vontade política incenseira do 85 % da sua povoación campesina e mariñeira, espallada nunha estrutura minifundista. As gadoupas das organizacións políticas centralistas emborcáronse sobre a nosa Terra coa ledecia que supón unha segura colleita sen facer a sementeira. Os nosos republicáns ben intencionados pagaron cara a sua nugalla e debilidade, servindo de testaferrós aos mandóns de Madrid. Nen tansiquera se removeron os tinglados eleitoreiros da monarquía. As mesmas xentes, as mesmas persoas, os mesmos rufiáns, coa carátula de **REPUBLICANOS**. O povo ficou preguntándose, ¿en qué se diferenciaba a República da Monarquía? Antes, por exemplo, Rodríguez Pérez, sementes dispuña do distrito de Padrón. Coa a República, o mesmo señor, chegou a dispor de todo Galiza.

Da mesma maneira que no tempo da Monarquía, xogouse cos sentimentos do povo galego. A República operou o miragre de encher de ledecia os nobres peitos das nosas millores xentes. Pero a Xusticia tan desexada nunca chegou a eles. Os gobernos da República foron incapaces de facer e axear a revolución as realidades dos difrentes povos hespañoles: recibiron da rua o poder e despois de gozar n-éle nun espasmo, deixaron cebarse aos rufiáns na virxindade republicán.

Indudablemente que os gobernantes resultaron inferiores ao povo. No caso escrusivo de Galiza, as orgaizacions políticas centralistas, fixeron de regateiras da máis pobre condición. Retorceron os acordos da Asamblea republicán do 31 na Coruña; narcotizaron o Anteproyecto de Estatuto feito en Sant-Iago no ano 32, coa aprobación de todo o povo galego, e despois do requisito plebiscitario, aínda traicionaron a sua promulgación.

O TEMPO DOS CUCOS ACUBOUSE

Os profesioaes da política centralista hespa-

Movimento de Caleuzca

Co gallo dunhas declaracións feitas ao diario "La Nación" de Chile polo-o deputado vasco, D. José María de Lasarte, encol dos principios de **GALEUZCA** (unión de Galegos, Vascos e Cataláns), alpurizáronse os "tonadillos" invocando vaguedades legais. A nidia claridade das declaracións do Sr. Lasarte, non opuxeron un átomo de razonamento. Pero en troques, a desabazada atitude "tonadillera", tivo a virtude de facer reaxir a coeivividade vasca de Chile dun xeito unánime en favor das aspiracións de **GALEUZCA**. Da mesma maneira que os vascos, reaxiron galegos e cataláns, replicando no mesmo diario "La Nación" coa nota seguinte:

Con motivo de una nota de la "Agrupación Democrática Vasca", referente a declaraciones formuladas a nuestro diario por el diputado vasco, don José María Lasarte y Arana, los dirigentes de las colectividades gallegas y catalanas, residentes en el país, nos han pedido la publicación de las siguientes líneas:

"Los que suscriben, en nombre de los gallegos y catalanes adheridos al pacto de Galezca, ante los comentarios a que dieron motivo las declaraciones de don José María de Lasarte, diputado vasco y delegado oficioso de Galezca de Buenos Aires, nos consideramos obligados a declarar lo siguiente:

1º— Galezca, movimiento de unión peninsular ibérica, iniciado en 1923, ratificado a poco de proclamarse la República y reorganizado en el exilio, no es un movimiento particularista ni aislacionista de un pueblo o de un grupo de pueblos; él representa, por el contrario, un movimiento de unión de personalidades colectivas, singulares y diferenciadas por su espíritu, por su lengua, por su tradición y por su geografía.

2º— Representa, además, este movimiento una nueva concepción del Estado democrático común en un sentido confederal (plurinacional), de acuerdo con el moderno criterio de diferenciación de Estado y Nación, y auspicia la unión por la libertad y la autodeterminación de cada cual, basada en la libertad y la voluntad popular libremente expresada.

3º— Luchar para mejorar, por convicción, un régimen político es perfectamente lícito, y lo garantizan todas las constituciones democráticas del mundo. Galezca, nobilísima aspiración en tal sentido, no es anti-constitucional ni está al margen de la Constitución aun cuando se trata de un movimiento cuyas proyecciones no han sido contempladas en aquel texto. Ni Galicia con arreglo a la constitución es región autónoma; ni Cataluña, vascos o gallegos basan en la autonomía constitucional el pacto de Galezca. He ahí porqué nos parece impropio la cita del artículo 13 de la Constitución por quienes, además, en su actuación no están encuadrados en el texto constitucional de la República española.

4º— Por todo ello, los firmantes, ciudadanos de pueblos que ofrecen las antedichas características y aspiran a que ellas sean valederas en una futura estructuración política, afirman su absoluta solidaridad en los términos expuestos, con los principios y propósitos contenidos en las declaraciones emitidas por el diputado señor de Lasarte.

Santiago, 30 de septiembre de 1944.

Por la Agrupación Patriótica Catalana, delegado del Consejo Nacional Catalán, Primitivo Salomó, presidente; Antoni Blavia, secretario; por el Partido Galleguista, Ramón Suárez Picallo, diputado gallego a las cortes de la República española; por la Comisión Gallega Pro Galezca, Manuel Celso Garrido, de Izquierda Republicana."

Homaxe a Companys no C. Republicano de Montevideo

No homaxe a memoria de D. Luis Companys que lle fixo o C. Republicano de Montevideo, foi invitada especialmente a Irmadade Galega daquela cidade, quen ao mesmo tempo levaba a representación de "A Nos a Terra" e do Xefe do Movemento Galeguista imán Castella. As verbas ditas polo-o representante galego nese ato, señor Crestar, colleitaron palmas afeito. Foi un discurso de emoción galega e un canto a liberdade dos povos ibéricos, que tan ben soubo encarnar o mártir de Cataluña, don Luis Companys.

ñola, atópanse moi preocupados co despertar do povo galego. Con Cataluña i Euzcadi, xa non barallan cifras eleitoreiras, que foi i é o seu pontó de mira. Ademiten como unha realidade a vontade política nacional d'eses dous povos; máis alpurizanse todos cando se fala de Galiza. ¿Cómo que nos tiñan polo-o millor siareiro! Até o señor Jiménez de Asúa (D. Luis), coa xenreira dun penalista que perdeu o preito, atreveuse a proferir unha afrenta a diñidade de Galiza ao decir: "**Hasta los gallegos... quieren ser libres**".

Nós sabemos que hai galegos asimilados, desleigados, aínda dispostos a ser mucamos da política centralista. Coñecémolos pola frase feita de: **UNHA AUTONOMIA BEN ENTENDIDA**. Alá eles. Ténnos sen coidado. Agora o tempo dos cucos foise e pol-a Europa adiante, os povos, cantan a canción do berce, ou sexa a volta a ser eles mesmos.

Galiza ceibe para os galegos libres

O vieiro da verdade — dí o poeta — é o vieiro dos valentes, inacesibel aos cobardes. E a nosa verdade, hoxe, é o berro sacro que sae dos peitos enxebres como Manda santa dos nosos mártires: **GALIZA CEIBE PARA**

"España Republicana"

Reapareceu o semanario "España Republicana", despois dunha longa interrompida impestada por causas alleas a sua vontade. O primeiro número da nova etapa saíu con data 7 do actual, contendo, como sempre, traballos moi interesantes. Festexámos, sinceramente, a sua reaparición e anceámolle no novo período que comeza, o meirande éxito.

OS GALEGOS LIBRES.

Queremos que o dereito e a cultura de Galiza, que é a alma do noso povo, forxe o poder criativo dos nosos destinos e que tornen da nosa vida aos que hoxe empregan unha forza, un dereito e unha cultura alleos para esmagarnos.

Non queremos morrer asimilados como seres decadentes e inferiores.

Non arelamos monopolizar o sentimento galego. Nós imos cara a liberdade da nosa Terra, única xeito de ser libre o home. Anceamos unha comunidade libre, onde xoguen limpamente todas as ideoloxías afirmando cara Galiza e os seus problemas. Pero negámoslle o dereito a representar a nosa Patria aos asimilados, cujos principios políticos non dependen dos intereses galegos, nen se axeitán ao ritmo de vida do noso povo.

Non abunda cunha partida de nacemento para falar en nome dunha Patria, dunha Terra, dunha Cultura. Porque non se é galego polo-o feito de nacer en Galiza, senón por sentir a Galiza. E os que vontariamente, ou por comenencia persoal, escollen como guieiros políticos a homes e direccións alleos a nosa Terra, subestímanse e, polo-o tanto, incapacítanse para representala. Máis claro: son galegos de partida de nacemento.

Galicia! Nai e agora,
sempre garimosa e forte;
preto e lexos; onte, ago-
(ra,
mañán... na vida e na
(morte!

R. CABANILLAS

A nosa terra

BOS AIRES, OUTUBRO DE 1944

PRINCIPIOS DO
GALEGUISMO
1- Galicia, unidade cul-
tural.
2- Galicia, pobo autónomo.
3- Galicia, co munitade
cooperativa.
4- Galicia, célula de uni-
versalidades.

A humanidade, para cumprir todas as promesas que leva en potencia (pois antes de ser de jaz? desfai-se en naciós. Já a vida precisa, para ser, do principio de individuación, ou seja, de ser como individuo ou con ereciós de individuos. O mesmo principio é o da evolución humá, que tamén é cósmica, é decir, unha parte do proceso universal.

Como vedes, o meu nacionalismo ten unha base cósmica e metafísica. A humanidade desfai-se en naciós, porque precisa orgos. As naciós son, pois, orgos da humanidade. Elas fan todo o que é facedorio en cada tempo. Non nun momento de tempo, senón no se sucederen dos tempos. E aquí tamén, cada unha ten a súa misión; e cando a súa misión fina, morre! Mais a misión de Galicia cheza e por esto re- jurde. S' é lei o se desfacer a humanidade en naciós, é pereiso por esto s' oporen entre si as naciós; d' eiquí os conflitos por veces, chegando até o sangui- ento, até as duras verbas e os exclusivismos.

Mais a humanidade non pode ficar aquí na súa marcha; ten que ir alen, porque no seu seo radica a saudade d' armonía. A contraposición na multiplicidade das naciós ten-se que resolver n' unha nova unidade. ¿E que pode ser esta unidade? Fixádevos ben e sera-vos evidente: esta unificación non ha ser máis que a volta de todas as naciós ao seo da humanidade mesma. Mais estas naciós non poden deixar o seu ser, pois régen-se pola lei suprema da individualidade (todo o que é, é como individuo). ¿Cómo voltar pois ao seo humán? Creando unha nova individualidade superior: a humanidade mesma, armonía das diversas naciós.

Un exemplo o tedes no individuo humán. Un home que se desenvolve tamén históricamen-

Divagaciós Engebristas

Por Johan V. Viqueira

te non pode ser máis que como individuo, como tal home concreto, no seu individualismo, polo decer asin. El ten que ser tal ou cal individuo, non pode ser nen seu pai, nen seu irmao, nen seu amigo; nen aínda o amante, se non pode facer un só ser c' a súa ben amada! (Os amantes quixeran ser semente un, con dúas almas. E con dúas almas, porque con unha, ou tristura, non poden vivir). Ser individuo é ser, e lei de ser; ¿mais como sae o individuo de si mesmo, deste seu isolamento que ja ás veces lle doi? ¿E deixando de ser o seu propio ser? Non; é sendo éle craramente. Nas mais grandes crises, nas mais grandes oposiciós, sinte o seu atage ideal c' os outros. E erguendo-se sobre si, entrando en relacións c' os outros, foram unha realidade superior; fundamentalmente na nación nacería primeiramente, despois na humanidade. E asin como o individuo a nación, que tamén é, procede. E non pode entremeterse mais nesto.

Resumindo: o descompoñimento en naciós é un momento capital no proceso da humanidade, porque a nación é orgo da humanidade neste proceso. A nación é, pois, esencial.

Por esto pode calqueira juntar en si mesmo o universalismo e o nacionalismo, e, sendo nacionalista, facer súa, con todas as suas consecuencias, a sentença antiga de Demócrito que di que "a patria de un alma nobre e o mundo inteiro". Por eso pode-se ser universalista (porque en calqueira momento da evolución espiritual se descobre a humanidade) é nacionalista ao mesmo tempo, nun senso infinito o ontológico, en canto reco-

ñece-se preciso para a humanidade se facer en naciós, en proceso infindo, para cumprir a súa obra. D-este xeito é-se nacionalista primeiramente en Galicia, mais despois tamén en Irlanda, Polonia, Egipto, en Finlandia ou Letonia, pois a alma, recorrendo o mundo, entende necesariamente cada nación. Tamén eiquí ten a súa explicación o feito que ao mesmo tempo que co'a guerra actual jurdían tantas novas naciós no mundo, se acentuase o movimento internacionalista. Nación e humanidade son termos correlativos.

Este é o nacionalismo cósmico e metafísico que vejo eu na obra de Castelao: Galicia ten que ser, debe ser, porque é un momento esencial no progredir da humanidade.

Mais non abonda c' unha posición negativa. Mais non abonda c' unha afirmación exclusiva. Temos que dar un paso mais adiante. Este paso é de síntesis, d' armonía: este paso é un paso para a outra vez o seo da humanidade. Porque, supoño que ja vos teredes decatado, o nacionalismo non é, politicamente, separatista; según os seus principios mesmos filosóficos o nacionalismo, frente a todo separatismo, é unionista. Toda nación hácha-se comprendida no seo da humanidade. Mais antes de chegar a esta súa comprensión suprema, a esta súa organización suprema (organización que eu presinto non só como política, senon como ideal), pode entrar n' outros enlaces unha nación, por novos atages, podíamos decir históricos, que a obrigan. Jurde entón o nexo federativo,

e como as naciós se complementan na humanidade, comenza a súa complementación histórica- mente necesaria, nas federaciós. De maneira que a estridencia nacionalista resolve-se, como un acorde disonante, n' unha consonancia federalista. No caso concreto de que tratamos, no caso de Galicia, n' unha federación ibérica, mais grande, mais fecunda, que esta unidade de forza (ja ben vella) que se chama o reino unido de Castela e Aragón, feita no século XV polos Reis Católicos, que mais val esquecer nesta terra que que eles asovallaran!

NACIONALISMO E ARTE

Por outra parte, o nacionalismo, sendo evolución, é o polo tanto de produción: é fonte da produtividade estética. Supondo un home músico, d' alma mística (é decer, no senso anterior da nosa alma) facéde-lle traballar no arte contra da súa propia lei e individualidade, facéde-lle proceder épica mente (no noso senso). ¿Qué jurdirá? Nada de valimento. Considerade agora un povo na súa totalidade; facéde-lle proceder, por falla de cultura ou por outro motivo somellante, imitativamente, fora da súa persoalidade. ¿Qué jurdirá? Obras de segundo orde. (Por desgracia temos tantas na nosa terra!) E por esto que a historia fala sempre en favor do artista que comprendeu o seu propio ser ou o artista de raza. Exemplos hai tantos que non teño tempo para os citar. Constitúin eles a historia do arte nos seus momentos capitaes. Exporreiros semente algúns contemporáneos e que todos coñecedes:

Mistral hachou a alma de Provenza e escribiu en provenzal de maneira que foi, según dín ja en Francia, o mellor do mellor. Ibsen, tan lido e relido ja hoje, ¿dónde trai a súa fama mais que do descubrimento da alma noruega? Pode-se decer o mesmo do sueco Strindberg, por desgracia tan pouco coñecido e traducido entre nós. E como derradeiro caso: Rabindranath Tagore, o poeta mais universal d' os nosos días, o almirado no mundo inteiro, o grande entre os grandes, ¿quén é? Un bengalí e que escribe en bengalí, unha nobre língoa da India que euase ninguén entende en Europa; un bengalí con toda súa alma, que até non mira con mui bons ollos as cousas d' Europa. E iste poeta chega ja, na súa fama, a ter un posto nas historias da filosofía (sobre d' él acaba de s' escribir un libro agora que expón o seu pensamento filosófico). ¿Qué fixo Rabindranath? Descubriu a alma india, descubriu o seu propio ser e, co'a fortaleza artística necesaria, cantouna nos seus versos.

E o mesmo caso o tedes no nunca d' abondo admirado Castelao. El tamén, o primeiro entre os pintores nosos, chegou ao fondo na nosa alma e soubo darlle o contorno que lle facía falla. Craro que non abonda mirar, ollar e indagar; fai falla ter talento, ter alma especial, ser poeta ou pintor. Mais tampouco esto abonda sen o outro. Castelao volveu sobre a súa raza e con un raro talento hachou un camiño. Mestre ja para os que veñan, quedará na nosa historia galaica como un criador e como un modelo. Modelo para todos os outros: de esforzo, traballo, procedimento e enerxía para descender ao mais fondo da nosa alma galega.

Dende os primeiros do mes de Santiago, o sol é rei no ceo galego. Nin unha nube, nin unha brétema. Cando de vagate e con medo, un lixo branco pousa no azul, o sol sen piedade desfaino, esparéxeo. Pol-o día, a luz cega, pol-as serans, hai labaradas rexas no poente. A terra é po miúdo coma cinza, os lameiros están doentes de ictericia, as penedas botan lume, coma se lembran os primeiros días do planeta e até as follas dos aibres murchanse c' unha coor vermella de doenza ben diferente da coor moralea f-espranzada que lles dona a outoniza.

Iste sol non é o noso sol, é un sol alleiro, un sol castelán. Castelán coma a fala dos nosos burgueses, coma a i-alma dos nosos mandós. Un e os outros zugan o zume da terra, estragan e matan.

Pasei hai pouco pol-o vai de Sainés

O Poema da Seca

e casa non reconecin a súa face de ledo labrego amigo do viño. As follas das cepas penduraban tristes caras ó chan, as canas do millo, de cote erguitas e lanzais, cangábanse acoradas pol-a sede. Na lonxidade, nas abos dos montes, brillaban fogueiras de incendio.

¿Quen dixo que o sol era ledicia? N-outras terras cicaís, mais non na nosa. Eiquí non ledicia as nubes mestas ben preñadas de choiva, as néboas esfarrapadas nos outeiros, a auga batendo maina no chan mol, a humidade criadora de ouricelos nas penadas e nas pedras labradas. E ledicia a luz morna, a lentura tépeda, nai amante das herbas, principio fecundante das nosas sfilces...

Piñeiro de Heine, que morrias de saudade por unha palmeira! Eras o mais parvo dos albres, ou eras un tolo namorado da morte.

Mar de Arousa, Mar de Arousa! Non dis que eres noso? E se eres noso, se téos o noso espírito, como non te sintes maagado por ter que reflexar un día e outro día iste sol que nos trai a fame que nos pode traer a peste? Non gostas millor de ollar no teu espello aqueles ceos cheos de nubes tan fermosas e tan cambiantes? Lémbraste de elas? Eran as veigañas rizosas e bucólicas, dispúñanse outras en sucros directos e paralelos, imitantes as que se fan na tua forxa cando sopra o vento. ¿Lémbraste? Non gostabas ti de aqueles ceos cin-

zentos que te enchan a ti de doce malenconia, e aquelas outras mouras, amoreadas, roxas de lóstregos que tanto prestixiaban a tua sota temerosa? E si amas ises ceos, Mar de Arousa, que fas que no mandas as tuas augas en col dos nosos eidos, que fas que non valeiras a tua fatura pra acorrer a nosa necesidade?

Mar de Arousa, é que xa non eres o noso hirmau? E que eres xa un mar doméstico, preocupado do turismo coma un hotelero, e que queres imitarte o teu curman o Mediterráneo, e gabacheas coma il de coor azul, de brillo e de sol?

Probiños os ríos! Os mais pequenos morreron xa. As fervenzas dos outros calaron ca súa leda cantiga e os mufieiros esqueceron as noites afroditi-

cas dos mufieiros. De vagar, de vagar, soio escoan por entre as pedras das presas fríos de auga, tan mufidos, tan fíebes, que semellan as bágoas de un nen. Onde foi, ou ríos, a vosa forza de viaxeiros artiscados? Tristeiros, mudos, a vosa auga encora nas chás e fede por que falla de azos pra camiñar, morreu ca saudade do alén. E anda os grandes ríos da nosa terra: o Miño, o Sil, o Ulla, que debecidos, que probes! De cada día, o voso leito afúndese mais, coma si andivérades a abrir a vosa propia sepultura.

E ti, gabacha fonte do lugar, amiga das mozas e dos parrifeos, e ti fonta homíldosa da gándara, consolo de pegoreiros, casa frorída da moura encantada, que sentides o ollar estidiadas as vosas augas?

Que vai ser das nosas mozas, cando a fonte do lugar non cante nas olas, que vai ser da moura encantada a fonta da gándara sexa soio unha cotra regañada?

FLORENTINO LOPEZ.

One-Eleven



EL GRAN CIGARRILLO

AMERICANO

35 cts.

Debulladora

Era de lú en cachizos
o riso que debullabas,
chamaris dos teus feitizos.

Debulla que te debulla,
sete lúas debulladas
encheran a miña tulla.

A tulla tiña eu no peito;
ai, tola, dos teus engados
tiña de ser cadaiteito.

Voltei por camiños ledos
dende tí, debulladora,
ceibe de amores e medos.

Agora moito debullas
para os paxaros do esquezo
mazarocas de bagullas.

M. PRIETO MARCOS.

LEONARDO
PEREIRA
Encárguelle o seu traxe

É BÓ XASTRE
I.É GALEGO

Sarmiento 1495 1er. piso
U. T. 45-5297 Bs. Aires